

Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Juan Carlos Vidal Aguiar, secretario accidental da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Comisión de Calidade da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2024 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

Punto único: aprobación da Memoria de Calidade 2022-23

A Comisión de Calidade aproba a memoria este punto por asentimento.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Memoria de Calidade 2022-2023



MEMORIA DE CALIDADE

Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Curso Académico: 2022/23

Aprobación Comisión de Calidade da ETSE: 23 de maio de 2024
Informe técnico por Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización:
Aprobación Xunta de Escola da ETSE:
Aprobación Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno:

Índice

1. Introducción	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	6
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	13
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	22
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	33
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	37
Directriz 6. Información pública	41
3. Plan de Melloras do centro	45
4. Modificacións nos diferentes títulos	147
5. Listaxe de evidencias e indicadores	149

1. Introducción

1.1. Estrutura para o desenvolvemento do SGC

As peculiaridades propias dun centro politécnico fan necesario que a estrutura de xestión da calidade sexa multinivel. A gran diferenza nas competencias técnicas a adquirir nas tres titulacións de grao fan necesario que sexan as Comisións de Título as que desenvolvan a xestión da calidade específica de cada título. Por outra banda, as Comisións dos Másteres son as responsables legais do seguimento dos seus correspondentes títulos.

As Comisións de Títulos de Grao (CTG) e Máster (CTM) regúlanse a través do Regulamento de Réxime Interno (RRI) da ETSE, do que a última modificación foi aprobada en Consello de Goberno da USC de 26 de abril de 2024. Estarán constituídas por o responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá, o/a coordinador/a do título, que será PDI do título e actuará como secretario/a, o responsable de calidade do centro (RCC), en graos 12 membros do PDI, en Másteres non interuniversitarios 8 membros do PDI e en Másteres interuniversitarios 4 membros do PDI, entre os que se inclúen os/as coordinadores/as de curso ou módulo, o/a responsable de apoio á xestión de centros e departamentos do centro e como representantes do estudantado os/as delegados/as de todos os cursos e como suplentes os subdelegados/as, agás nos másteres de 1 curso nos que serán o/a delegado/a e o/a subdelegado/a.

Na xestión da calidade dos títulos da ETSE cobran unha especial relevancia os/as Coordinadores/as de Título (CT). A Xunta de centro por proposta da Dirección aprobará a proposta de coordinador/a. Serán responsables de liderar e organizar os traballos da correspondente Comisión do Título.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é o órgano responsable, en coordinación coas Comisións de Títulos, das tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do SGC e dos seus logros. Tamén é o espazo de coordinación e xeración de directrices comúns das Comisións de Título. Na busca deste último obxectivo, todos/as os/as Coordinadores/as de Título son membros natos da Comisión, segundo específica o RRI. A coordinación desta Comisión está en mans do/a Responsable de Calidade do Centro.

Plano Executivo de Calidade

O Plano Executivo de Calidade (PEC), segundo se indica na súa introdución, “recolle a descrición detallada de todas as actividades periódicas, e algunhas esporádicas típicas, que se desenvolven na ETSE relacionadas co ámbito da Calidade na Docencia”. Tamén define a forma de xerar e almacenar as evidencias de cada unha destas actividades.

No curso 2015-2016, a Comisión de Calidade aprobou a primeira versión e na revisión posterior do SGC incorporouse o seu seguimento en todos os procesos nos que está implicado. O PEC permanece en vigor mentres non se actualiza na CCC (a versión actual foi aprobada pola Comisión de Calidade o 22 de novembro de 2023). Nas diferentes actividades incluídas no PEC defínense os seguintes elementos: Responsables (de realización e/ou de explotación de resultados), Grupos de Interese, Formato de Realización, Datas ou Períodos Preferentes de Realización, Control da Participación, Documentación Producida e Uso do Resultado e das Conclusións.

O PEC da ETSE foi recoñecido como Boa Práctica de Calidade nos centros docentes da USC na Convocatoria 2019 pola Comisión de Calidade delegada de Consello de Goberno da USC.

1.2. Procedemento de Elaboración da Memoria de Centro

De acordo co procedemento *PE-02 Revisión e mellora*, do SGC a Memoria de Calidade do Centro (este documento) é elaborada de forma coordinada pola Comisión de Calidade do Centro e polas diferentes Comisións de Título de Grao e Máster.

Nunha primeira fase, as Comisións de Título reflexionan sobre os indicadores asociados aos seus títulos e avalían a efectividade das Accións de Mellora anteriores. A partir das conclusións obtidas deseñan novas propostas de Accións de Mellora orientadas exclusivamente ao título.

Nunha segunda fase, a Comisión de Calidade analiza, e trata de integrar, as Accións de Mellora dos títulos engadindo as Accións Mellora Transversais a nivel de centro e se definen os obxectivos de Calidade do centro que integran todas as accións de mellora propostas a nivel de títulos e de centro.

A Memoria de Calidade, elaborada e informada pola Comisión de Calidade, aprobase na Xunta de Escola da ETSE tras a revisión por parte da Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC. A persoa responsable de calidade do centro a remite á vicerreitoría con competencias en calidade, que dará traslado da mesma á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno para o seu coñecemento e para, no seu caso, formular recomendacións. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización remite a memoria de calidade do centro anualmente á ACSUG para o seguimento externo dos sistemas certificados baixo as directrices do programa Fides-Audit. Finalmente, seguindo o proceso *PS-06 Información pública*, o/a director/a do centro difunde a memoria a través da web do centro.

1.3. Títulos Impartidos no Centro

A ETSE contou no curso 2022-2023 con 3 titulacións de Grao (unha delas coordinada nun Dobre Grao) e 6 titulacións de Máster:

- ✓ Grao en Enxeñaría Informática, desde o curso 2009-2010
 - BOE: 5 de Marzo de 2010
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Grao en Enxeñaría Química, desde o curso 2010-2011
 - BOE: 22 de Febreiro de 2011
 - Última Acreditación: 20 de Xullo de 2016
- ✓ Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, desde o curso 2015-2016
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental, desde o curso 2007-2008
 - BOE: 9 de Decembro de 2011
 - Última Acreditación: 30 de Abril de 2015
- ✓ Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos, desde o curso 2013-2014
 - BOE: 4 de Abril de 2014
 - Última Acreditación: 4 de Outubro de 2016
- ✓ Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data, desde o curso 2015-2016
 - BOE: 18 de Marzo de 2016
- ✓ Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións, desde o curso 2018-2019
 - BOE: 7 de setembro de 2018
- ✓ Máster Universitario en Visión por Computador, desde o curso 2020-2021
 - BOE: 17 de setembro de 2020
- ✓ Máster Universitario en Intelixencia Artificial, desde o curso 2022-2023
 - BOE: 13 de febreiro de 2023
- ✓ Grao en Intelixencia Artificial, desde o curso 2022-2023
 - BOE: 26 de abril de 2023

Acrónimos utilizados nesta memoria para a identificación do centro e dos títulos:

- X ETSE: Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- X GrEI: Grao en Enxeñaría Informática
- X DGIM: Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas
- X GrEQ: Grao en Enxeñaría Química
- X GrIA: Grao en Intelixencia Artificial
- X MEnA: Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental
- X MEQB: Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos
- X MTAD: Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data

- X MHPC: Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións
- X MCV: Máster Universitario en Visión por Computador
- X MIA: Máster Universitario en Intelixencia Artificial

1.4. Acreditacións

Acreditacións nacionais e internacionais en vigor na ETSE na data de elaboración desta Memoria de Calidade:

- ✓ Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 43/10
 - Data de Emisión: 26 abril 2010
- ✓ Implantación do Sistema de Garantía de Calidade
 - Programa FIDES – AUDIT
 - Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)
 - Certificado nº 03/16
 - Data de Emisión: 22 xullo 2016
 - Renovación da acreditación: 29 de febreiro de 2024
- ✓ Acreditación Institucional da ETSE
 - Consello de Universidades
 - Data de Emisión: 28 xaneiro 2019
 - Validez ata: 27 xaneiro 2025
- ✓ Internationally Accredited Degree (Grao en Enxeñaría Química e Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos)
 - Institution of Chemical Engineers (IchemE)
 - Date of Issue: 2 febreiro 2018
 - Prazo de validez: curso 2023-24
- ✓ Sistema de Seguridade e Saúde no Traballo. Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR)
 - OHSAS 18001:2007 (Certificado SST-0119/2012)
 - Data da Primeira Emisión: 31 maio 2012
 - Reacreditación ISO 45001_2018 (Certificado ES-SST-0119/2012)
 - Data da primeira emisión: 30 setembro 2021
 - Suspensión da certificación: 6 febreiro 2023
 - Renovación da certificación: 5 xuño 2023
- ✓ Mención de Excelencia do Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental
 - DOG 15/07/2020
- ✓ Mención de Excelencia do Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións
 - DOG 23/09/2022
- ✓ Mención de Excelencia do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos
 - DOG 20/10/2023

1.5. Órganos de goberno do centro

Son órganos de goberno e administración da Escola: A Xunta de Escola, o/a Director/a, o/a Subdirector/a e o/a Secretario/a. Cada unha das titulacións impartidas na Escola ten un/ha coordinador/a académico. A Xunta de Escola é o órgano colexiado de goberno do Centro e, como tal, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Escola e supervisa o labor dos seus órganos de goberno e administración. Actuará a través do Pleno ou das Comisións: Comisións Delegadas da Xunta de Escola (Comisión Permanente, Comisión de Seguridade e Saúde e Comisión de Normalización Lingüística), outras Comisións (Comisión

de Igualdade e Comisión da Biblioteca) e Comisións para o seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (Comisión de Calidade e Comisións de título).

En canto a estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade está formada por:

- Equipo de Dirección (ED)
- Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- Responsable de calidade do centro (RCC) que é o/a Director/a do centro.
- Comité(s) Consultivo(s)
- Comisións de Título de Grao (CTG) e de Máster (CTM)
- Coordinador/a de título (CT)

Por outra parte, o [Regulamento de Réxime Interno da Escola Técnica Superior de Enxeñaría](#) (Modificación aprobada en Xunta de Escola de 23/11/2023 e 24/01/2024; Consello de Goberno de 26/04/2024) de acordo co disposto no artigo 96.1 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular o seu funcionamento.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En outubro de 2014 apróbase en Xunta de Escola o [Plano Estratéxico da ETSE 2014-2020 \(PE14/20\)](#), en liña co Plano Estratéxico da USC 2011-2020. Neste PE14/20 a ETSE volve a reafirmarse na súa Misión, na súa Visión e nos seus Valores definidos inicialmente na Política de Calidade de 2009. Despois dunha profunda reflexión colectiva sobre as fortalezas e debilidades, formulábanse 7 liñas estratéxicas de actuación que dan lugar a 26 obxectivos desenvolvidos en 48 accións. O 17 de decembro de 2020 aprobouse en Xunta de Escola (aprobación da Comisión de Calidade Delegada de Consello de Goberno o 03/03/2021) o [Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría](#), definido en consonancia coa a programación plurianual da USC 2019-2022 e que constitúe a prórroga para o período 2020-2022 do Plano Estratéxico da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE) da Universidade de Santiago de Compostela 2014-2020. Neste acordo retiráronse algúns dos obxectivos e accións estratéxicas, ben por estar totalmente cumpridos/as ou porque xa se decidira non executalos/as. Por outra parte, considerouse importante incorporar novos/as obxectivos/acções en base

ás necesidades actuais dos títulos, do centro e da súa contorna. O acordo conta con 7 liñas estratéxicas (LIÑE) que inclúen 26 obxectivos estratéxicos (OBXE) e as correspondentes accións asociadas.

En xaneiro de 2019 a ETSE acada a [Acreditación Institucional polo Consello de Universidades](#). A última versión do [Manual de Procesos](#) da ETSE foi aprobado en Xunta de Escola de 18 de abril de 2023 (aprobación da Comisión de Calidade Delegada de Consello de Goberno o 24/04/2023). En febreiro de 2024 a ETSE renova a [Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da ETSE](#) outorgada pola ACSUG.

Por outra parte, no momento de elaboración desta memoria a Escola Técnica Superior de Enxeñaría está no proceso de elaboración do Plan Estratéxico do centro 2024-26 ao que van asociadas as accións de mellora propostas nesta memoria, para o curso 2023-24 e actualizando a Política de Calidade do centro.

Resúmese a continuación o desenvolvemento do Acordo de Prórroga do Plan Estratéxico da ETSE durante o curso 2022-23:

LIÑE 1: Infraestruturas

A primeira das liñas estratéxicas centrase nas infraestruturas como elementos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias do centro. Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a necesidade de mellorar continuamente os espazos físicos onde se desenvolven as actividades e as infraestruturas dispoñibles neles. Asimesmo xurde a necesidade de dotar novos espazos para a docencia e tamén para o profesorado do centro.

OBXE 1.1: Mellorar as infraestruturas docentes

No curso 2022-23 a dotación de equipamento e outros medios para a docencia contemplouse nas accións de mellora AM-ETSE-4, AM-MEQB-6 e AM-MTAD-2. Na primeira dotáronse dúas novas aulas no Edificio Emprendia, unha para docencia expositiva (aprox. 90 postos) e outra para interactiva (28 postos) así como unha nova aula (Aula 9) no edificio ETSE para a docencia do Máster en Visión por Computador. Tamén adquiriuse diverso equipamento para a docencia práctica dos títulos que se imparten na ETSE particularmente dos novos títulos de Intelixencia Artificial e pantallas para varias das aulas de docencia interactiva. No que respecta á AM-MEQB-6 pechouse como non executada e sen propósito de continuala no 2023-2024 posto que a necesidade de videos para a docencia práctica non presencial xerada pola pandemia COVID 19 polo momento desapareceu. Na AM-MTAD-2 adquiriuse unha GPU para a súa utilización nas prácticas das materias de Aprendizaxe Estatística e Minería de Datos.

No curso 2023-24 estanse a desenvolver dúas accións de mellora nesta liña descritas no apartado 3.3, a AM-ETSE-23-24-1 encamiñada a crear espazos para a convivencia do estudantado nos edificios ETSE e Emprendia e a AM-ETSE-23-24-3 co obxectivo de seguir mellorando o equipamento docente dos laboratorios.

OBXE 1.2: Mellorar as instalacións xerais do centro

Neste obxectivo, continuaron as obras para resolver as deficiencias estruturais do centro e diferentes labores de mantemento dos espazos tanto docentes como non docentes pero sempre limitados polo orzamento dispoñible. Neste sentido seguen a existir diversos problemas detectados polas auditorías de seguridade e no control de condicións de traballo principalmente relacionados coa presenza de gretas e filtracións de auga cuxa resolución contéplase na acción AM-ETSE-2023-24-2. Outro tema pendente é a necesaria climatización dos espazos da ETSE, cuxa solución require dispor de orzamento adicional. Con todo cabe sinalar que os graves problemas de entrada de auga pola cuberta do Edificio de Enxeñaría Química están a resolverse.

LIÑE 2: Oferta Docente de Grao

A segunda liña estratéxica enfocase á oferta docente de grao que se está impartir na ETSE pois constitúe o obxectivo central de todo centro docente. Os obxectivos estratéxicos desta liña están ligados fundamentalmente a mellorar diferentes aspectos do desenvolvemento dos títulos. Tamén é moi importante avanzar no coñecemento da implantación e execución real dos títulos. Por suposto sen esquecer o traballo continuo en revisar o catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación do noso estudantado.

OBXE 2.1: Definir un mapa estratéxico de titulacións de grao

No curso 2022-23 arranca na ETSE o título de Grao en Intelixencia Artificial, de carácter interuniversitario coas outras universidades do SUG, con 50 prazas de novo ingreso.

En canto as titulacións de Grao existentes desenvolvéronse as accións de mellora AM-GrEQ-1, AM-GrEI-2 e AM-GrEI-3. No Grao en Enxeñaría Informática a AM-GrEI-2 tivo como obxectivo o seguimento do novo plan de estudos con respecto aos resultados do plan anterior que se executou de forma satisfactoria. No que respecta á AM-GrEI-3 destinada a mellorar o posicionamento do título a nivel estatal e internacional non foi executada e continúaase no presente curso. Por outra parte, tanto no Grao en Enxeñaría Informática como no de Intelixencia Artificial hai accións en desenvolvemento encamiñadas a coñecer as actuais necesidades do sector empresarial para mellorar a calidade da formación recibida polo alumnado (AM-GrEI-2023-24-3 e AM-GrIA-2023-24-5).

En canto ao Grao en Enxeñaría Química levouse a cabo a modificación substancial do título na AM-GrEQ-1 co fin de adaptalo ao indicado no R.D. 822/2021 e ademais facer unha actualización do mesmo con varios obxectivos: para axustalo ás necesidades actuais de formación dos/as graduados/as en Enxeñaría Química, para responder ás necesidades observadas durante os anos de impartición do título e para incluír os novos requirimentos da IChemE, institución pola cal está acreditado, co fin de acadar a súa re-acreditación que neste momento está en proceso e para a que se formulou a acción AM-GrEQ-2023-24-1.

OBXE 2.2: Incrementar a docencia en inglés

Aínda que se segue traballando na promoción das materias en inglés entre o alumnado non se propón este curso ningunha acción de mellora específica nin se desenvolveu no curso pasado.

OBXE 2.3: Mellorar a difusión das titulacións

A ETSE participa regularmente na difusión dos seus títulos de Grao a través das actividades que formula o Programa A Ponte como os ENCONTROS na Zona USC, nos Encontros Virtuais na USC, na USC Camiña e nas charlas temáticas en centros de secundaria/bacharelato. No curso 22-23 tamén se seguiu participando nas Xornadas de Orientación do Colexio La Salle (Santiago de Compostela) presentando o Grao en Enxeñaría Informática.

Outra actividade desenvolvida que contribúe a difusión dos títulos é o [Concurso Informatizate](#) dirixido a estudantes de Primaria, ESO, Bacharelato e FP do que se desenvolveu a súa terceira edición no curso 2022-23.

Este curso desde o Grao en Enxeñaría Química propónse unha acción de mellora (AM-GrEQ-2023-24-1) co obxectivo de analizar novas canles para a visibilización do título entre o potencial alumnado e a sociedade en xeral.

OBXE 2.4: Mellorar o proceso de captación de alumnas

Cabe destacar a creación do espazo web "[Enxeñeiras Referentes da USC](#)" na páxina web da ETSE e este curso propónse acción AM-ETSE-2023-24-10 para potenciar a visibilización das enxeñeiras formadas na ETSE. A maiores no Grao en Intelixencia Artificial a acción AM-GrIA-2023-24-7 ten como obxectivo manter ou incrementar o alumnado feminino de nova matrícula.

OBXE 2.5: Estructurar o programa de visitas a empresas

As visitas a empresa considéranse unha actividade fundamental nos títulos de Grao que se imparten na ETSE particularmente no de Enxeñaría Química no que se efectúan de modo regular en todos os cursos. Non foi necesario desenvolver accións de mellora ao respecto no curso 2022-23 nin se propoñen para o curso 2023-24.

OBXE 2.6: Revisar o cumprimento das memorias das titulacións

En abril de 2015, a Comisión de Calidade do centro aproba unhas "[Recomendacións para a Elaboración das Guías Docentes](#)" que teñen como obxectivo mellorar a adecuación dos programas ao recollido nas memorias de verificación e os programas son anualmente revisados polas Comisións dos títulos. En canto a avaliación da adquisición das competencias desde o curso 2016-2017 realízase periódicamente unha [enquisa de adquisición de competencias](#) para as titulacións de grao na que se avalía por parte de estudantes de último curso, egresados/as, profesorado e empregadores/as a obtención das competencias reflectidas nas memorias das titulacións por parte dos/as egresados/as.

LIÑE 3: Oferta Docente de Posgrao

A terceira liña estratéxica enfócase a oferta docente de posgrao que se está impartir no centro pois constitúe o outro obxectivo central de todo espazo docente. O obxectivo estratéxico desta liña é traballar no catálogo de titulacións co obxectivo de que sexa o máis adecuado para a formación do noso estudiantado.

OBXE 3.1: Definir un mapa estratéxico de titulacións de posgrao

No curso 2022-23 iníciase na ETSE o Máster en Intelixencia Artificial, interuniversitario coas outras universidades do SUG e solicítase a modificación substancial do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (AM-MEQB-9).

Cabe mencionar que o Máster en Enxeñaría Ambiental ademais de manter a Mención de Excelencia do SUG acadada no 2020, obtivo de novo no 2023 o primeiro posto dos másters de Medio Ambiente/Xestión Ambiental no Ranking El Mundo 250 Másters, o Máster en Computación de Altas Prestacións obtivo a Mención de Excelencia do SUG no 2022 e o Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos no 2023 .

O 10 de febreiro de 2023 a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría aproba as declaracións de intencións dos Másteres interuniversitarios en Xestión Sostible da Auga e Internet das Cousas: IoT, recollidos en “O proxecto Galicia 2030: Perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades” elaborado por FEUGA por encargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e destinado a elaborar o mapa de titulacións do SUG 2022-2026, dos que o Máster en Xestión Sostible da Auga comezou a impartirse na ETSE no curso 2023-24 e o segundo encóntrase neste momento en proceso de verificación.

Por outra parte no Máster en Visión por Computador despois de tres cursos de funcionamento do mestrado desenvolveuse unha acción de mellora (AM-MCV-3) para revisar a oferta de materias optativas para adaptalas ás necesidades actuais así como consultar de suxerencias ás empresas colaboradoras nas materias de Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster.

OBXE 3.2: Incrementar a docencia en inglés

No Máster en Enxeñaría Ambiental para ter evidencias de se a competencia no inglés técnico é importante para completar a formación do estudiantado, na AM-MEnA-5 a través dunha enquisa a estudantes e egresados/as confirmouse o interese da proposta de materias en inglés no título.

OBXE 3.3: Mellorar a difusión das titulacións

A ETSE de forma xeral participa nas actividades de difusión dos títulos de Máster organizados pola USC como se explica posteriormente. A maiores desde as comisións de título no curso 2022-23 desenvolvéronse cinco accións de mellora encamiñadas a mellorar a difusión dos másteres tanto a nivel nacional como internacional: AM-MEQB-1, AM-MEnA-3, AM-MTAD-3, AM-MHPC-1 e AM-MCV-1, das que as tres primeiras foron executadas con éxito e as dúas últimas continúanse no presente curso (AM-MHPC-1 e AM-MCV-2023-24-1) xunto coas accións AM-MEnA-2023-24-1, AM-MEnA-2023-24-2, AM-MTAD-2023-24-2 e AM-MIA-2023-24-1 que se describen no apartado 3.3 desta memoria.

LIÑE 4: Calidade da Docencia

A cuarta liña estratéxica ten que ver coa calidade da docencia como aspecto fundamental para ofrecer ao noso estudiantado unha docencia cada vez mellor. Entre os obxectivos estratéxicos desta liña destaca a intención de avanzar na implantación da versión revisada do manual de procesos do Sistema de Garantía da Calidade no convencemento de que é unha ferramental fundamental de mellora. Non menos importante é a necesidade de coñecer mellor o que ocorre no desenvolvemento das titulacións, e na incorporación dos/as nosos/as egresados/as ao mercado laboral, como fonte de deseño de accións de mellora futuras. Inclúense, ademais, obxectivos concretos para mellorar aspectos que deben ser tidos en conta sempre como a formación docente do noso profesorado.

OBXE 4.1: Coñecer a situación profesional dos/as egresados/as e a súa adaptación ao mercado laboral

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización de enquisas de inserción laboral dos/as egresados/as dos títulos de grao e dalgúns dos títulos de máster a petición da Comisión de Calidade do centro. Temos en marcha dúas accións de mellora resultado do último proceso de acreditación do Grao en Enxeñaría Química e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos para obter información sobre os egresados por parte da ACSUG que se continúan cada curso ata que dita información sexa recibida (AM-GrEQ-2 e AM-MEQB-8) pero a do Máster se reformulou e será o centro o encargado de obter información da inserción laboral dos egresados e retroalimentación para a identificación de aspectos a mellorar no Máster (AM-MEQB-8), acción que non foi executada e continúase no presente curso. No Máster en Enxeñaría Ambiental tamén se desenvolveu unha acción de mellora co mesmo obxectivo (AM-MEnA-2).

OBXE 4.2: Incrementar a formación docente do profesorado

No curso 2022-23 desenvolveuse unha acción de mellora no Máster en Enxeñaría e Bioprocesos co fin de formar ao profesorado do Máster en metodoloxías de roles de equipo (AM-MEQB-2) e no curso actual á mesma formación propónse para o profesorado do MEnA (AM-MEnA-2022-23-3). Asimesmo, propónse unha acción de mellora xeral a nivel de centro

encamiñada a establecer un programa de formación para o profesorado (AM-ETSE-2023-24-8).

OBXE 4.3: Coñecer o desenvolvemento subxectivo das competencias das titulacións

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización dunha *Enquisa de Adquisición de Competencias*, que ten como finalidade mellorar o coñecemento do perfil de egreso do estudiantado das titulacións do centro e realízase con periodicidade bianual, alternando as titulacións de Grao e as titulacións de Máster. Recolle a opinión de diferentes colectivos (estudantes do último curso, egresados/as, profesorado e empregadores/as) sobre a eficacia da docencia que se realiza nas titulacións do centro cara a obter as competencias que se indican nas correspondentes Memorias das Titulacións. Esta enquisa obtivo o [recoñecemento de boas práctica de calidade nos centros docentes da USC na convocatoria de 2022](#).

OBXE 4.4: Desenvolver o Sistema de Xestión Interna da Calidade

No curso 2020-21 desenvolveuse unha acción de mellora (AM-ETSE-2) co fin de facer un seguimento dos procesos do centro tras a actualización do manual e desde entón cada ano elaboráse un [informe sobre o desenvolvemento do SGC](#). Proponse unha acción de mellora a nivel de centro (AM-ETSE-2023-24-6) co obxectivo de actualizar os manuais do SGC do centro para dar resposta aos comentarios formulados pola comisión avaliadora externa para a renovación da acreditación do SGC do que resultou un plan de melloras e tamén para aplicar os cambios asociados a modificación da normativa de xestión de títulos de grao e máster da USC, particularmente no relativo ás comisións de centro.

OBXE 4.5: Acreditar as titulacións existentes

En febreiro de 2018 obtívose a acreditación por la [Institution of Chemical Engineers \(IchemE\)](#) das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos con validez ata 2024 (prorrogada pola COVID-19). Co obxectivo de conseguir a reacreditación este curso propoñense accións de mellora nos dous títulos (AM-GrEQ-2023-24-1 e AM-MEQB-2023-24-1). Por outra banda, no Grao en Enxeñaría Informática tamén se propón unha acción encamiñada a estudar a solicitude dunha acreditación internacional.

OBXE 4.6: Estudar a carga real de traballo das titulacións

No [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) contéplase a realización dunha *Enquisa de Carga de Traballo e Avaliación Continua*. Analízase a opinión do profesorado e estudiantado respecto a cantidade de traballo persoal do/a estudante (traballo fora das aulas) nas diferentes materias das titulacións de grao. Realízase ao finalizar cada cuadrimestre polo/a Responsable de Calidade do centro. A enquisa é analizada pola coordinación do título e presentada á Comisión académica e á Comisión de Calidade. Nos máster, o estudo realízase dende a coordinación da titulación.

OBXE 4.7: Participar na orientación laboral do alumnado

A orientación laboral do alumnado realízase a través dos Foros de Empresas que se celebran no Grao en Enxeñaría Informática desde o curso 2011-12 e que se iniciou no Grao en Enxeñaría Química e no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos no curso 2021-22. Adicionalmente, algunhas actividades desenvoltas na [Aula Profesional da ETSE](#) que involucran a empresas tamén contribúen á este fin así como as visitas técnicas realizadas nas que algunhas empresas refírense en concreto aos seus plans de captación de persoal. A maiores de forma puntual nalgúns títulos propoñense accións de mellora para reforzar o contacto alumnado/empresa como as AM-MHPC-3 e AM-MCV-2 propostas para o curso 2022-23 que non se executaron con éxito e se continúan no presente curso.

OBXE 4.8: Mellorar as taxas de resposta nas enquisas aos grupos de interese

Desde fai varios cursos as baixas taxas de resposta nas enquisas aos grupos de interese é un problema xeneralizado polo que se están a desenvolver accións de mellora desde moitos dos títulos aínda que polo momento non con resultados satisfactorios. No curso 2022-23 desenvolvéronse as accións AM-GrEI-4, AM-MEQB-3 e AM-MEnA-1. Só se considerou executada con eficacia a última e no presente curso volven propoñerse accións co mesmo obxectivo (AM-GrEI-4 e AM-GrIA-2023-24-2)

LIÑE 5: Xestión Administrativa

A quinta liña estratéxica enfocase á xestión administrativa, pois estes procesos son un punto importante de interacción dos nosos usuarios co centro. O obxectivo estratéxico fundamental desta liña é traballar na mellora, que debe ser continua, destes procesos. Dentro de todos os procesos relacionados con esta liña destaca a revisión dos procesos de comunicación co obxectivo de asegurar a dispoñibilidade da información en tempo e forma. Tamén é extremadamente importante traballar

na xestión da seguridade da información e da xestión de datos.

OBXE 5.1: Mellorar as políticas de comunicación

Ademais da [web da ETSE](#) como canle de comunicación xa está establecido o uso do X do centro (@etse_usc) que conta con máis de 1300 seguidores/as e das pantallas do centro. Particularmente, desenvólvense accións para mellorar aspectos concretos como é o caso dos másteres interuniversitarios moitos deles cunha web propia. Así, no curso 2022-23 propúxose a acción AM-MHPC-1 co obxectivo de mellorar a web que non foi executada e se continua no presente curso. Por outra parte, propónse a acción AM-ETSE-2023-24-9 co obxectivo de incrementar a difusión das actividades desenvolvidas na ETSE nas redes sociais.

OBXE 5.2: Mellorar os procesos administrativos

No curso 2020-21 iníciáanse accións de mellora encamiñadas a potenciar o uso da administración electrónica e a garantir a protección de datos en todas as actividades do centro. Xeneralizouse o uso da sinatura electrónica na secretaría administrativa da ETSE así como a publicación de convocatorias, resolucións, etc. no taboleiro electrónico da USC. No que respecta a protección de datos, solicitouse ao alumnado de nova incorporación autorización para o uso da propia imaxe e aos/ás egresados/as a autorización para o uso dos seus correos electrónicos privados para fins de obter información para a análise de calidade do centro e dos títulos. Trasládouse toda a documentación administrativa á nube e revisouse o procedemento de publicación da documentación relativa a TFG e TFM para ter en conta a protección de datos. No curso 2022-23 propúxose a acción de mellora AM-ETSE-5 co fin realizar unha análise da organización e execución do traballo administrativo do centro co fin de mellorar o funcionamento da unidade de apoio á xestión de centro e departamentos. A acción non foi executada pero posto que o actual modelo de organización da unidade dificulta o desenvolvemento do traballo en equipo e a coordinación do mesmo coa nova acción AM-ETSE-2023-24-5 preténdese dotar unhas ferramentas que faciliten o traballo na unidade .

LIÑE 6: Poñerse ao Servizo da Sociedade

Os obxectivos estratéxicos desta liña teñen como obxectivo impulsar accións para consolidar a imaxe do centro na sociedade.

OBXE 6.1: Potenciar o uso da lingua galega

No curso 2020-21 reactivouse a Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da ETSE e participouse na Convocatoria de Axudas da USC para actividades de normalización lingüística, da que resultou a primeira convocatoria do [Concurso Informatízate](#) convocado pola ETSE para promover o uso da lingua galega entre o estudiantado de Primaria, ESO, Bacharelato e FP do que se celebrou a terceira edición no curso 2022-23. No presente curso propónse unha acción xeral a nivel de centro (AM-ETSE-2023-24-13) para a proposta de actividades por parte da CNL.

OBXE 6.2: Avanzar na igualdade

A creación da Comisión de Igualdade da ETSE aprobouse en Xunta de Escola de 10/06/2021 e desde entón está a desenvolver diferentes actividades particularmente nos días sinalados para a igualdade (25N, 11F, 8M e 23J). A acción de mellora AM-ETSE-6 desenvólta no curso 2022-23 tivo como obxectivo [visibilizar ás actividades desenvolvidas pola Comisión e tamén o gasto asociado ás mesmas](#). O Premio Informatízate antes sinalado aínda que convocado desde a CNL tamén tivo como obxectivo traballar na igualdade promovendo a visibilización de referentes femininos no ámbito da informática.

OBXE 6.3: Aplicar os principios da economía circular

Co fin de dar a coñecer ao alumnado os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da axenda 2030 no Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos no curso 2022-23 desenvolveuse a acción AM-MEQB-4, que se continua ao considerarse que non alcanzou a eficacia desexada. No MEnA tamén está a desenvolverse unha acción de mellora (AM-MEnA-2023-24-4) relacionada coa difusión dos conceptos da pegada hídrica e de carbono á sociedade.

LIÑE 7: Relacións coa Sociedade

A sétima liña estratéxica abarca todo o relativo as relacións entre o centro e os diferentes axentes sociais co que este se relaciona. O obxectivo estratéxico mais importante desta liña está relacionado cos axentes sociais que teñen influencia indirecta na docencia que se imparte no centro. Neste senso destacan as empresas coas que o centro ten convenios para o desenvolvemento de prácticas en empresa ou a realización de traballos fin de grao ou fin de máster e aquelas que forman

parte dos comités externos dos títulos.

OBXE 7.1: Internacionalización

En xeral destaca o reforzo de contactos con universidades estranxeiras co fin de captar alumnado a nivel de Máster (AM-MEnA-3). Esta acción continúa no presente curso buscando novos contactos con universidades europeas e de América latina (AM-MEnA-2023-24-2). Tamén desenvolvéronse accións co fin de reforzar os convenios ERASMUS (AM-GrEI-1) e na procura de convenios para os novos títulos de Intelixencia Artificial (AM-ETSE-2). No presente curso continúa a acción AM-GrEI-1 e propónse unha nova por parte do Grao en Intelixencia Artificial (AM-GrIA-2023-24- 1) ambas co obxectivo de aumentar a oferta de convenios que admitan a lingua inglesa, e no Grao en Enxeñaría Química desenvólvese a acción AM-GrEQ-2023-24-3 co fin de analizar á adecuación dos destinos ofertados á demanda do alumnado.

OBXE 7.2: Relacións co tecido empresarial

O centro dispón dun elevado número de convenios con empresas que garanten a oferta de prácticas externas das diferentes titulacións. Así mesmo, a maior parte dos títulos dispoñen de comités externos co fin de implicar ao mundo empresarial na mellora continua das titulacións. No 2023-24 desenvólvese unha acción encamiñada a reforzar estas relacións para o MCV (AM-MCV-2) e a nivel de centro outra encamiñada á procura de convenios de prácticas para os novos títulos de Intelixencia Artificial implantados o curso pasado (AM-ETSE-3). No curso actual continúa a primeira que non foi executada con éxito (AM-MCV-2023-24-2).

O seguimento das accións de mellora realizase pola comisión de cada título e os informes resultantes son analizados pola Comisión de Calidade xunto coas propostas a nivel de centro. En canto ao **grao de cumprimento do plan de melloras** no curso obxecto de análise no apartado 3.1 desta memoria, dáse conta da execución das accións contempladas no plan de melloras 2022-23 e os aspectos máis destacados sobre a súa execución coméntanse no desenvolvemento das diferentes directrices. Durante o curso 2022-23 desenvolvéronse un total de 35 accións de melloras englobadas en 14 obxectivos de calidade, das cales 6 desenvolvéronse a nivel de centro e as restantes a nivel de título: GrEQ (2 accións), GrEI (4 accións), MEQB (9 accións), MENA (5 accións) e MTAD (3 accións), MHPC (3 accións) e MCV (3 accións). Delas 22 foron executadas e finalizadas con eficacia e o resto non foron executadas total ou parcialmente. Para o curso 2023-24 propóñense 57 accións de mellora englobadas en 12 obxectivos de calidade das cales 13 desenvolveranse a nivel de centro e as restantes a nivel de título: GrEQ (4 accións), GrEI (6 accións), GrIA (7 accións), MEQB (6 accións), MENA (6 accións), MTAD (3 accións), MHPC (4 accións), MCV (5 accións) e MIA (3 accións).

Polo que respecta aos **títulos interuniversitarios** no curso 2023-24 iniciáronse dous novos títulos interuniversitarios coa UdC e a UVigo, o Grao en Intelixencia Artificial coordinado pola USC e o Máster en Intelixencia Artificial coordinado pola UdC. Por outra parte continúan impartíndose outros catro másteres, o MTAD, o MHPC e o MCV, o primeiro e o terceiro coordinados pola USC e o segundo pola UdC. Aínda que o seguimento corresponde á Universidade coordinadora, na presente memoria recóllese a análise de todos os títulos que se imparten na ETSE e propóñense as correspondentes accións de mellora. Na discusión da Directriz 2 describíense as accións levadas a cabo para a coordinación dos títulos interuniversitarios.

A recollida de información relativa á **satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese** e un dos aspectos máis relevantes do SGC e desenvólvese de acordo co proceso *PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades* do SGC. Na ETSE a maiores da información recollida a nivel institucional para avaliar as distintas directrices contempladas nesta memoria, realízanse catro enquisas propias recollidas no [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#), para coñecer aspectos dos estudantes de nova incorporación (perfil de ingreso), a adquisición das competencias recollidas nas memorias dos títulos (perfil de egreso), se as diferentes materias dos títulos están a desenvolverse, en termos de tempo de traballo dos estudantes, dacordo ao planificado nas respectivas memorias de titulación (enquisa de carga de traballo) e recoller información sobre a situación laboral actual dos/as egresados/as (cuestionario de inserción laboral). Os resultados, tanto en graos como en másteres, son analizados nas Comisións de Título e as principais conclusións trasládanse a esta Memoria. Non obstante, un dos problemas é a baixa taxa de resposta nas enquisas telemáticas que lles resta fiabilidade polo que xa están en desenvolvemento accións de mellora encamiñadas a aumentala como xa se indicou previamente e se comentará na discusión particular dos títulos. Por outra parte, o Plan Executivo de Calidade tamén contempla a celebración de diversas reunións encamiñadas á formulación de accións de mellora: Reunión do Comité Externo, Anual de Coordinación de Profesoreado, Anual de Avaliación con Estudantes e Reunións de Coordinación.

En canto a xestión das **suxestións, queixas e reclamacións** desenvólvese de acordo co proceso *PS-05 Xestión de*

incidencias (SQR) do SGC. O [informe SQR do curso 2022-23](#) foi aprobado pola Comisión de Calidade da ETSE o 22 de novembro de 2023. Recibíronse 2 queixas relativas a instalacións, 1 relativa a servizos e non houbo queixas relativas a Administración. No que respecta aos títulos houbo 12 suxerencias/queixas/reclamacións, 3 no GrEI, todas formuladas polo alumnado, 7 no GrEQ, 6 do profesorado e unha do alumnado, 1 no GrIA do alumnado e 1 no DGIM do alumnado. Non houbo ningunha no caso dos másteres. Todas foron consideradas e resoltas.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos programas formativos da ETSE lévanse a cabo de acordo co proceso institucional PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros.

As comisións de título, de acordo co proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, analizan os seus indicadores e trasladan á Comisión de Calidade do Centro (CCC), a través do/a Coordinador/a, as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar. Na CCC analízase o funcionamento global do SGC do centro e os resultados dos distintos programas formativos, en base ás reflexións e propostas de mellora achegadas polas súas comisións de título.

Tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e as propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, a CCC elabora o plan de melloras anual que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

Por outra parte, as [recomendacións para a elaboración de guías docentes](#), aprobadas no marco da CCC, permiten definir un estándar de calidade común para os programas das materias que son revisados polas Comisións de título antes da súa aprobación.

Por outra banda, o [Plan Executivo de Calidade da ETSE](#) recolle diferentes accións que se desenvolven para o seguimento dos títulos e a avaliación da aprendizaxe: seguimento das accións de mellora, reunións cos Comités Externos, reunión anual de coordinación de profesorado, reunión anual de avaliación con estudantes e reunións de de coordinación de cursos en graos ou módulos en másteres así como unha enquisa que se realiza periodicamente aos diferentes grupos de interese (alumnado de último curso, egresados/as, profesorado e empregadores) para avaliar a adquisición de competencias por

parte do estudiantado. O PEC tamén recolle o programa de acollida ao centro que inclúe os actos de benvinda ao alumnado de nova incorporación que se celebran cada ano para todos os títulos do centro e que teñen como obxectivo ofrecer ao estudiantado de novo ingreso información de acollida, incidindo en aspectos que calquera estudante debe coñecer da vida universitaria a todos os niveis (institucional, de centro e da titulación que vai a cursar). Por outra banda, publícase na web do centro a [Guía ETSE estudantes](#) e o [Calendario ETSE](#) que proporcionan información de acollida necesaria para o estudiantado.

No Grao en Enxeñaría Química contáse desde o curso 2021-22 co apoio de alumnos/as titores para apoio ao alumnado do título.

Para avaliar os resultados da aprendizaxe nos títulos analizáronse comparativamente as taxas de rendemento (IN34), éxito (IN35) e avaliación (IN36). A taxa de rendemento nos títulos de grao supera o obxectivo marcado na memoria do título agás no GREQ no que está un pouco por debaixo pero superior á media da área e aumentando en relación aos cursos anteriores. En canto aos títulos de máster destaca a baixada progresiva no MCV (75,48 no 2022-23), o valor no MTAD (79,97) afastado do obxectivo marcado na memoria de 95 e da media da área (85,34%) pero estable no tempo e a baixada no MHPC (57,8) despois da subida do curso anterior. En canto á taxa de éxito é superior a 80 nos graos e a 90 nos másteres cunha tendencia en xeral bastante estable e en todos os graos superior á media da área. Por último, a taxa de avaliación é superior á media da área en todos os graos (87,13%) e a 80 nos másteres agás no MHPC no que sufriu un importante descenso de forma similar á taxa de rendemento.

Por outra banda como indicadores de satisfacción e rendemento analizáronse as taxas de graduación, abandono e eficiencia e a súa correspondencia con indicado nas memorias dos títulos. A taxa de graduación dos graos (IN37CG) superou o obxectivo establecido na memoria do título (de 40) e aumentou con respecto aos dous cursos anteriores nos que sufriu un considerable descenso, con todo sempre por encima do obxectivo marcado e da media da área. No caso dos títulos de máster tamén se superou o valor establecido como obxectivo na memoria e a media da área agás no Máster en Visión por Computador (IN37CM=66,57 (80 na memoria)) e no Máster en Computación de Altas Prestacións (IN37CM=50 (60 na memoria) no que hai unha baixada importante neste curso como en outros indicadores previamente analizados.

A taxa de abandono (IN41CG) no GREI despois dun significativo aumento no curso 20-21 baixou progresivamente quedando bastante por debaixo do obxectivo (de 20) e da media da área. Pola contra no caso do GREQ a taxa de abandono supera de forma continuada o obxectivo establecido na memoria (de 10). Nos másteres a taxa mantense nos valores desexados no MENA e MEQB mentres que no MTAD aínda que foi baixando progresivamente desde o curso 20-21 mantense por encima do obxectivo marcado na memoria de 5, quizais un valor pouco realista porque o obxectivo máis baixo para os títulos de máster do centro é de 10 e a media da área de 13,64. Tamén destaca o alto valor da taxa de abandono no MHPC, en xeral bastante superior ao obxectivo da memoria (de 20), e no MCV (33,33) aínda que neste caso non hai valores previos desta taxa polo que haberá que seguir a súa evolución.

No que respecta a taxa de eficiencia dos graos (IN53CG) no GREI mantense próximo ao valor obxectivo de 90 (IN53CG=88,69) mentres que no GREQ sufriu un descenso significativo no curso 22-23 que requirirá unha análise se non se recupera ((IN53CG=75,67). Para os másteres en todos os casos supérase o obxectivo establecido na memoria.

A valoración de todos estes índices farase de forma particular para cada un dos títulos.

No curso 2022-23 desenvolvéronse a nivel de centro dúas accións de mellora relacionadas coa posta en marcha dos novos títulos de grao e máster en Intelixencia Artificial, ambas executadas con eficacia como pode verse no capítulo 3.1 desta memoria: AM-ETSE-2: Procura de convenios ERASMUS para os novos títulos e AM-ETSE-3: Procura de convenios para prácticas en empresa dos novos títulos.

No presente curso propónse unha acción de mellora asociada a esta directriz a AM-ETSE-2023-24-7: Análise mellorada e comparada dos indicadores do títulos (asociada ao Obxectivo de calidade 5. Revisión da oferta docente do centro), que se propón tanto a nivel de centro como de títulos e que resulta do proceso de renovación de acreditación do SGC da ETSE.

A continuación, preséntase unha análise do desenvolvemento dos títulos que se imparten na ETSE durante o curso 2022-23 en relación a esta directriz.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Como xa se indicou nas últimas memorias, aínda que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia, foi necesario acometer unha serie de modificacións e actualizacións no grao atendendo á realidade do seu ámbito académico, científico e profesional. Nunha primeira fase, que se implantou no curso 2020/21, introducíronse unha serie de materias optativas novas (en particular, cambiáronse un total de 13 materias optativas). Nunha segunda fase, implantada no curso 2021/22, modificáronse algúns aspectos relacionados con materias obrigatorias (por exemplo, eliminouse unha materia

obrigatoria cuxas competencias e contidos foron asumidos por outras materias, as prácticas externas agora van ter carácter obrigatorio e reduciuse o número de créditos do Traballo de Fin de Grao). A primeira modificación, que afectou só a optativas, foi considerada pola ACSUG como unha modificación non-substancial, sendo aprobada pola Universidade. Así, as novas optativas, que supoñen unha valiosa actualización da oferta formativa para o estudantado, foron incluídas na oferta académica para o curso 2020/21. A segunda modificación foi considerada substancial e, polo tanto, requiriu non só o visto bo por parte da Universidade senón tamén a aprobación por parte da ACSUG e o posterior proceso de modificación do título a nivel nacional. No curso 2021/22 entraron en vigor 1º, 2º e 3º curso do novo plan de estudos, finalizando a súa total implantación neste curso 2022/23.

Por outra banda, no referido as accións de mellora do curso 2022/23, existen dúas que inciden no deseño, revisión e mellora dos programas formativos. En particular, a acción AM-GREI-05, que se vai prolongar ao longo dos próximos cursos, tivo por obxectivo facer un seguimento do novo plan de estudos. As tarefas desta acción de mellora foron realizadas mediante a análise na comisión do título de diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento do curso. En especial, detectáronse problemas coas cargas de traballo en 3º curso. Dita información se puxo en coñecemento dos coordinadores das materias de dito curso co obxectivo de coordinarse e de realizar unha replanificación das entregas na docencia interactiva.

No GrEI, os coordinadores de curso realizan coordinación horizontal entre materias do mesmo curso para evitar baleiros, duplicidades e evitar períodos con sobrecarga de traballo. A coordinación vertical foi realizada pola Comisión de Título. O dobre grao, DGIM, require especial coidado na coordinación, dado que se imparte en dous centros (ETSE e Facultade de Matemáticas) e os coordinadores de título en cada centro estiveron en constante comunicación para atender as necesidades do alumnado e resolver as distintas cuestións que xurden no día a día do título.

O perfil real de ingreso correspóndese maioritariamente con estudantes procedentes do bacharelato. É moi satisfactoria a tendencia á alta que se observa no indicador referente a *Nota media de acceso por preinscripción (IN06G)*: 2016-17 (10,82), 2017-18 (11,73), 2018-19 (11,88), 2019-20 (11,80), 2020-21 (12,32), 2021-22 (12,65) e 2022-23 (12,33). Isto indica que as accións do GrEI orientadas á captación de alumnado están a funcionar (como por exemplo, a participación no Programa "A Ponte" co ensino non universitario, xornadas A USC Camiña, etc). Debemos destacar que a nota de corte de ingreso no GrEI foi a máis alta para estes estudos de todo o estado neste curso 2022/23. En canto á actividade de acollida para este curso 2022/23, cabe destacar que se realizou ao comezo de curso onde se explicou ao alumnado como sería o desenvolvemento do grao ao longo dos 4 próximos anos. Do mesmo xeito, fíxoselle unha breve introdución á Escola, tanto a nivel servizos como a nivel de edificio.

A taxa de rendemento (*IN34G*) é boa mantendo valores similares con respecto aos observados en anos anteriores (85,39% fronte a 83,47% no curso anterior). Estes valores de rendemento son razoablemente satisfactorios para unha titulación de enxeñaría como a que se imparte no centro. A taxa de éxito tamén reflicte un bo comportamento (91,42%, aumentando lixeiramente dende o 91,03% do curso anterior). Os valores dos tres últimos cursos son ademais as mellores taxas da serie histórica dispoñible. A taxa de avaliación é do 93,41%, a segunda maior da serie histórica, na liña dos últimos anos.

A taxa de graduación no curso 2022/23 (80,7%) incrementábase con respecto á observada no curso pasado (70,0%). Debemos ter en conta que o valor do curso 2022/23 é o máis elevado da serie histórica considerando incluíndo a situación excepcional do segundo cuatrimestre do curso 2019/20, que se desenvolveu de maneira telemática e houbo que tomar medidas excepcionais de avaliación, o que tivo un gran impacto nos indicadores.

A duración media dos estudos (*IN38G*) é de 3,02 anos. Este dato non é realista xa que o título ten unha duración de 4 anos. Tras unha consulta á área de calidade a súa resposta foi que o erro se debe á coexistencia das dúas edicións do grao e que o valor real é de 4,46. Os últimos datos sobre os niveis de eficiencia mantéñense na orde do 90% (88,69%), e son niveis moi satisfactorios para un título coma o noso. É particularmente positivo o descenso que se observou na taxa de abandono durante o primeiro curso nos últimos anos (pasou dun 18,18% no 2018/19 a un 10,94% no 2022/23). Debemos ter en conta que a taxa abandono RD1393/2007 situouse nun 14,04%, un dato que recupera os valores habituais da serie histórica despois de sufrir una elevada repunta no curso 2020/21, probablemente causado pola situación excepcional derivada da pandemia.

En canto ao grao de satisfacción coa titulación, a valoración global do profesorado para o curso 2022/23 sitúase nun 4,05 sobre 5. Polo tanto, o nivel de satisfacción é bo, manténdose nos últimos anos sempre en valores superiores a 4. Todas as preguntas adicionais da enquisa arrojan tamén valores satisfactorios. Por outro lado, os/as egresados/as amosaron unha satisfacción xeral adecuada coa titulación (3,58 sobre 5, *IN42G*), un valor lixeiramente superior aos dos cursos previos. No caso do estudantado, a súa satisfacción é de tan só o 2,56%. Este dato é o máis baixo dos últimos anos e está acompañado pola baixa participación do alumnado, tan só o 7,65%. Por tanto, deberase ter en conta para o seu estudo tanto a escasa participación como a escasa porcentaxe de satisfacción do alumnado.

Grao en Enxeñaría Química

No curso 2022/23 constitúese a Comisión de Redacción para a modificación substancial do Grao en Enxeñaría Química (cuxa composición foi aprobada pola Xunta de Escola o 07/02/2023, e ratificada por Resolución Reitoral con data 05/06/2023). A memoria para a solicitude de verificación foi presentada en xuño 2023, o informe perceptivo para verificación emitido pola SXU recibido no mes de Setembro e a memoria foi gravada na sede do ministerio no mes de outubro.

Con data 01/09/2023 recíbese da Secretaría Xeral de Universidades o informe favorable de envío a verificación da modificación do GrEQ e con data 18/04/2024 recíbese da ACSUG o informe provisional cunha serie de aspectos que necesariamente debe ser modificados e cuxa resposta trasladouse con data 08/05/2024.

No próximo curso académico (2024/25), a modificación substancial soamente afectaría ao 1º curso por ser unha implantación da mesma escalonada (curso por ano académico).

As guías docentes de todas as materias do título son revisadas cada curso académico polo departamento responsable e posteriormente aprobadas pola xunta de escola. En ambos estadios se revisa e comproba que cumpren coa memoria do título. As coordinacións de curso fan un seguimento de dito cumprimento a través das reunións co profesorado de cada curso ao comezo e final de cada cuatrimestre. Ademais da reunión de coordinación global anual con todo o profesorado do título (no curso 2022/23 dita reunión tivo lugar o 17/11/2022 e no curso 2023/24 o 14/12/2023) e tamén cos representantes do alumnado (delegado/as e subdelegado/as dos catro cursos) o 23/01/2024.

Nas reunións de coordinación global tanto co profesorado como cos representantes do alumnado faise unha análise da información dispoñible do alumnado de novo ingreso (nota ABAU, perfil de xénero e procedencia). As prazas ofertadas cúbreanse co alumnado de novo ingreso por preinscripción (IN04G) que se matriculan no 1º curso por 1ª vez, proba do atractivo da titulación. Se ben a nota de acceso por preinscripción (IN06G) mantívose por encima de 10 de xeito constante ata o curso 2022/23 (11,30), no presente curso 2023/24 descendou ao 7,93 o que supón un toque de atención agardando que se trate dun dato aillado.

Os resultados da aprendizaxe segundo a taxa de éxito promedio do título son de 81,45 % (IN35G) atópanse lixeiramente por debaixo do valor fixado na memoria do título (85 %) feito que se mantén nos 3 derradeiros cursos académicos (2020/21, 2021/22 e 2022/23) polo que se considera un efecto inercial do importante impacto causado polas da pandemia. De calquera xeito e co fin de favorecer acadar bos resultados faise un seguimento da carga docente do alumnado e dos resultados obtidos na avaliación das materias.

Resulta preocupante o incremento continuado desde o curso 2019/20 na taxa de abandono en primeiro curso (IN40G), que no curso 2022/23 acadou un valor alarmante do 27,87%. Tamén aumentou a taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G) ata un valor de 24,14%. Tendo en conta que non se pode actuar sobre o pasado e coincidindo coa implementación no novo plan de estudos no próximo curso 2024/25, establecerase entón unha nova acción de mellora que permita definir e artellar un protocolo anti-abandono ao longo dos catro cursos do título.

A duración media dos estudos (IN38G) ten estado sistemáticamente por riba do valor deseñado para o título (4 anos). Tras dous cursos en descenso (2020/21 e 2021/22), este indicador volveu a incrementar no curso 2023/24 ata o 5,58 polo que novamente se ten activado no seguimento do título a sinal de alarma que derivará na necesidade ou non de tomar accións no curso 2024/25 de non tratarse esta subida dun caso excepcional froito da contexta externa vivida na presente década.

A satisfacción do alumnado coa titulación non pode ser analizada xa que a porcentaxe de resposta segue sendo demasiado baixa (3,43% en 2021/22 e 4,19% en 2022/23). Respecto da satisfacción do profesorado coa titulación e coa docencia impartida (IN47G), as taxas de resposta foron 35,14% e 51,35%, respectivamente, e as valoracións globais 4,11 e 4,20; sendo os aspectos relacionados co alumnado novamente os que acaban valores máis baixos: a participación crítica e activa no desenvolvemento das clases (3,28) ou á implicación do alumnado da titulación (3,52).

No curso 2022/23 desenvóléronse as seguintes accións de mellora no ámbito desta directriz:

- AM-GrEQ-1: Modificar a memoria do GrEQ segundo a Convocatoria Anual de Novas Propostas e Modificacións de Memorias - Graos, Mestrados Universitarios e Progamas de Doutoramento - Implantación no curso 2024-2025.

Dita acción, executada con eficacia e finalizada no tempo previsto, xurdira da necesidade dunha revisión e modificación profunda da memoria do Grao en Enxeñaría Química motivada pola conxunción das seguintes razóns:

- 1) Axustarse ao indicado no R.D. 822/2021 que no numeral 3 do artigo 3 establece: «Todos os títulos universitarios oficiais e os títulos de máster deberán estar adscritos a algún dos ámbitos de coñecemento que se relacionan no anexo I, no momento da inscrición no RUCT. Así mesmo, esta área de coñecemento deberá incluírse na memoria do plan de estudos durante o proceso de comprobación.» Seleccionouse o campo de coñecemento Enxeñaría química, enxeñaría de materiais e enxeñaría do medio natural.

- 2) Adaptarse ás novas esixencias da Institución de Enxeñeiros Químicos (IChemE), para a que actualmente está acreditado

o título, que require a aplicación dunha serie de melloras para lograr a súa reacreditación durante o curso 2023-2024. Entre estas melloras destaca o reforzo da formación en seguridade e a incorporación de aspectos básicos da intelixencia artificial.

3) Dar resposta ás necesidades do sector empresarial sinaladas polos membros da Comisión Externa de Apoio á titulación, que supoñan incrementar os contidos relacionados coa produción e xestión da enerxía, así como a incorporación de formación en xestión de datos.

4) Axustar o plan de estudos ás necesidades formativas actuais dun/ha graduado/a en enxeñaría química, algo necesario despois de 12 anos de vixencia do plan de estudos vixente publicado no DOG do 23/09/2010.

No curso 2023/24 estableceuse unha única acción de mellora no ámbito desta directriz:

- AM-GrEQ-2023-24-1: Superar positivamente o proceso de re-acreditación IChemE

A acreditación internacional IChemE é un elemento diferenciador no contexto nacional do Grao en Enxeñaría Química xunto co Máster en Enxeñaría Química e Ambiental. Dita acreditación caducou no curso 2022/23 polo que durante o presente curso 2023/24 é preciso tramitar a súa re-acreditación, para o cal tense remitido a documentación pertinente ao panel avaliador e tense recibido a dito panel para a avaliación in-situ.

Grao en Intelixencia Artificial (GrlA)

As accións de revisión periódica e mellora dos programas formativos consisten esencialmente nos mecanismos que se indican de seguido:

- 1) Reunións regulares (unha por cuadrimestre) cos docentes de cada curso (1º e 2º na actualidade) e cos representantes dos estudantes, para coñecer as súas propostas relativas a como se está a desenvolver a actividade docente. Nas reunións co profesorado participaron o coordinador do título e mais o coordinador de 1º curso, ademais dos restantes membros docentes da Comisión do Título. Nestas reunións trátanse aspectos de coordinación, calendarios de entrega de actividades, desempeño da actividade docente e outras cuestións de interese. Houbo unha reunión de coordinación previa ao inicio do curso, que tivo lugar o 19/07/2022, para realizar unha presentación previa do título e mais dos novos espazos docentes. Durante o curso convocáronse reunións de coordinación os días 14/10/2022 (primeiro cuadrimestre) e 11/07/2023 (segundo cuadrimestre). Nas reunións cos representantes do estudantado participan o coordinador do título e o coordinador de 1º curso e nela coméntanse os mesmos aspectos de funcionamento do curso indicados anteriormente. Celebráronse reunións o 08/11/2022 e 11/07/2023. Adicionalmente, existe unha canle aberta cos representantes do estudantado para trasladar nos dous sentidos calquera outra cuestión relevante. Por esta vía, por exemplo, se plantexaron estratexias para mellorar a participación do estudantado nas actividades formativas complementarias, ou na participación nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
- 2) Revisión das programacións docentes das materias, de acordo co establecido na normativa académica da USC, para a súa aprobación. Nesta revisión os diferentes membros da comisión analizan a adecuación das programacións ao previsto na memoria e a comisión acorda as peticións de modificacións que se consideran preciso, para que os departamentos as efectúen. A nivel interuniversitario, os labores de coordinación céntranse desde un punto de vista formal nas reunións da comisión interuniversitaria, onde se tratan os temas relevantes a este respecto. Convocáronse reunións o 05/09/2022 e o 03/07/2023. Outros temas mais operativos se realizan mediante contacto directo entre as tres persoas que coordinan o grao nas tres universidades, habitualmente por email ou, cando é preciso, mediante videoconferencia. A petición propia, algúns coordinadores das materias que se imparten nas tres universidades manteñen reunión de coordinación respecto da programación docente, como foi o caso das materias “Enxeñaría de computadores” e “Xestión de organizacións.”

Durante o curso 2022/23 non houbo proceso de selección de estudantes tiores porque ao estar implantado unicamente o primeiro curso non correspondía facelo. Está previsto que a dita selección se realice no curso 2023/24 entre estudantes que nese momento cursen o 2º curso do GrlA.

A captación de estudantes é exitosa, xa que de acordo cos datos facilitados pola CiUG a nota de corte é a mais elevada dos tres campus onde se imparte o GrlA (11.008, entre as mais altas da Gran Área). Case un 80% do estudantado matriculado ten escollido o GrlA-USC como a súa 1ª ou 2ª opción, e temos un 30% de presenza feminina, que é un dato singularmente elevado no contexto mais próximo (no eido da Enxeñaría Informática a nivel español sitúase nun 10%-15%). A grande maioría do estudantado (63%) provén de fóra da provincia da Coruña.

No tocante ás taxas xerais de rendemento (80.04%), éxito (86.32%) e avaliación (92.72%) foron revisadas na reunión da

comisión do título do 8 de abril de 2024. Na memoria de verificación do título fixéronse como valores obxectivo unha taxa de rendemento do 70% polo que o valor acadado no curso 2022/23 é sensiblemente superior (+10.04%), sendo este un aspecto moi positivo.

Por último salienta a realización dunha actividade formativa complementaria de carácter profesional (“ciclo de charlas e visitas técnicas do GrIA”), na que diversas institucións ou empresas realizan presentacións de aplicacións de IA no seu eido, ou ben reciben a visita de grupos de estudantes. No curso 2022/23 celebramos 7 destas actividades.

En base a todo o anterior, a comisión do GrIA decidiu definir as accións de mellora para o curso 2023/24 que indicamos de seguido:

- AM-GrIA-2023-24-3: Dado que no proceso de reacreditación do SGC do centro sinalouse a necesidade de profundar na análise daqueles indicadores que non lancen resultados satisfactorios, vaise realizar unha análise mellorada dos indicadores do título
- AM- GrIA -2023-24-4: Dado que o número de estudantes que asisten á maioría das actividades organizadas no ciclo de visitas e charlas técnicas no GrIA é mellorable, vanse desenvolver estratexias que incrementen a participación activa do estudantado nas actividades referidas
- AM- GrIA -2023-24-7: Aínda que a porcentaxe de talento feminino en primeira matrícula é moi alto é esencial manter ou incrementar estas porcentaxes, polo que vanse promover mensaxes dirixidas ao mantemento ou incremento da captación de estudantado feminino de nova matrícula, participando en programas como as charlas temáticas A Ponte ou na titorización de proxectos STEAMBACH.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MEaA)

Aínda que os resultados son mellorables, neste ano apreciouse unha mellora na participación do estudantado na participación nas enquisas de satisfacción, que dende a Comisión de título se relaciona coa acción de mellora emprendida con ese fin.

De novo podese ver que unha das fortalezas da titulación é a súa capacidade de tracción de estudantes de ámbolos xéneros que veñen non só da USC, senon doutras universidades galegas, do resto de España e do estranxeiro. O perfil dos estudantes deste mestrado está configurado por un certo equilibrio de xénero (38% mulleres fronte a 62% de homes) e unha presenza maioritaria de graduados de carreiras de ciencias (75%) fronte os que proviñan de carreiras de enxeñaría (25%). A variable das universidades de procedencia é importante, sendo só o 33,3% procedentes da USC, outro 33,3% de outras universidades galegas, un 8,4% doutras universidades españolas e un 25% de universidades estranxeiras.

A coordinación é un punto importante na titulación, tanto a nivel xeral (comisión de título) como a nivel de módulos (coord. de módulo), cunha participación importante do estudantado a través dos seus representantes. Os/as representantes teñen unha participación activa durante o curso e, o que se considera máis importante, tras cada un dos módulos en que se agrupan as materias, onde se reciben suxestións relativas especialmente ó proceso de ensino/aprendizaxe. Non houbo queixas por parte do estudantado.

A nivel global, as taxas acadadas polo mestrado no pasado ano sitúanse na banda alta, por enriba do indicado na nova memoria do título (á relativa á 3ª edición que se implantou por vez primeira no primeiro curso o pasado ano 2022-23): taxa de graduación superior ó 85%; taxa de abandono inferior ó 10%, taxa de eficiencia superior ó 85% e taxa de rendemento superior ó 85%. Indicar asimismo a alta satisfacción mostrada polos estudantes, con unha puntuación de 4,28 ó novo curso correspondente a esta nova edición do Máster, un dos valores máis altos acadados na traxectoria da titulación. No análise dos datos dos últimos 5 cursos estos se manteñen na banda alta estando en xeral por enriba de 4 e sempre por enriba de 3,5. En relación coa satisfacción do profesorado, os valores son moi altos, coa maioría dos resultados acadando a puntuación máxima de 5.

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQB)

No curso 2022-2023 houbo tanta matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04M = 25) como prazas novas ofertadas (IN01M = 25), resultando nunha taxa de ocupación (IN12M) do 100%. Ademais, a nota media de acceso por preinscrición (IN06M) foi de 7,3, superior ás dos anos precedentes, que se movían tipicamente no rango 6,7-7,1. Estes valores son indicativos do atractivo que mantén o título para o potencial estudantado (exclusivamente graduados en enxeñaría química, ou con titulación equivalente). En todo caso, nun contexto de mellora continua, e aproveitando a necesidade de adaptación ó R.D. 822/2021, iniciouse o proceso de modificación substancial do título, en liña coa acción de mellora AM-MEQB-9 da axenda 2022-2023. Esta modificación está aínda en tramitación e pendente da aprobación definitiva por parte do organismo competente, pero cóntase con que todo estea listo para iniciar a andaina no plan de estudos modificado no curso 2024-

2025. Na configuración do plan modificado tívose particularmente en conta a experiencia acumulada nas reunións periódicas con profesorado e alumnado da titulación, así como reunións específicas adicionais co Comité Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñaría Química da ETSE. Tamén se tiveron en consideración os parámetros regulados pola prestixiosa *Institution of Chemical Engineers* para outorgar a súa acreditación a titulacións de enxeñaría química a nivel mundial, pensando na renovación deste selo de calidade por parte do máster (o único máster de enxeñaría química das universidades españolas que o ten). Nesta liña, unha acción de mellora contemplada para a axenda 2023-2024 fai referencia precisamente á renovación da citada acreditación:

- AM-MEQB-2023-24-1: Acometer a renovación da acreditación internacional do título pola *Institution of Chemical Engineers* (IChemE).

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) batiu o seu máximo histórico: 38,8%. Este tan elevado valor débese en gran medida ó éxito de dous convenios de dobre título, con cadansúa universidade chilena, con itinerarios híbridos implicando mobilidade internacional e permitindo ó alumnado que os cursa obter tanto o título do máster como o título das titulacións chilenas correspondentes de ciclo longo (máster integrado).

Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23) no curso 2022-2023, o ítem de valoración global amosa un valor de 4,51, dentro do rango 4,3-4,8 no que se veu movendo no período 2019-2022. Un extra para a consideración desta boa valoración é unha taxa de participación do 47,8%, superior á que tipicamente se registrou nesta enquisa en anos anteriores. Na análise polo miúdo dos distintos ítems contemplados, a valoración máis alta (4,82) foi acadada polo ítem “O campus virtual faicita a miña labor docente”, mentres que a máis baixa (4,27) correspondeu a “As vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas”, “A carga de traballo está ben distribuída” e “O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas”. De todas maneiras, pódese dicir que as valoracións individualizadas dos distintos ítems non son moi diferentes unhas das outras, cunha dispersión pequena arredor do dato de valoración global.

A satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22) no curso 2022-2023 foi maior ca nos anos precedentes, ascendendo a valoración global ata un valor de 4,15 (desde o 3,58 do curso académico anterior). De entre os diferentes ítems incluídos neste informe de satisfacción, os que acadaron unha valoración máis alta (4,83) foron os referidos á adecuación dos recursos educativos dispoñibles e á utilidade do campus virtual na facilitación das xestións académicas do estudantado. Por contra, os ítems con valoración máis cativa foron os referidos ó atractivo da oferta de prácticas (3,17) e á distribución da carga de traballo (3,33). En calquera caso, cómpre ter presente que a significación destes valores pode estar condicionada por unha taxa de participación relativamente baixa: 13,6%. Este aspecto da taxa de participación aínda foi máis dramático no caso das enquisas circuladas ós egresados, obténdose poboacións respondentes tremendamente exiguas en relación ó universo obxectivo e, polo tanto, invalidando totalmente a significación estatística dos valores dos indicadores asociados. En relación a este aspecto, e de cara a ter unha mellor perspectiva da opinión dos/as egresados/as e de cómo o máster repercutiu na súa realidade laboral actual, proponse para a axenda 2023-2024 a seguinte acción de mellora:

- AM-MEQB-8: Obter información da inserción laboral dos/as egresados/as e retroalimentación para a identificación de aspectos a mellorar no Máster.

que é unha acción de mellora continuada da axenda 2022-2023 e que non puido efectuarse debidamente no prazo inicialmente considerado.

De xeito máis global, e en liña con aspectos sinalados polo comité avaliador durante o proceso de reacreditación do Sistema de Garantía de Calidade da ETSE no curso 2022-2023, cómpre profundar na análise daqueles indicadores que non amosen resultados satisfactorios. Así, inclúese na axenda 2023-2024 unha acción de mellora referida a esta necesidade de análise máis fonda:

- AM-MEQB-2023-24-2: Análise mellorada dos indicadores do título.

No que respecta ós indicadores de resultados, as taxas de rendemento (IN34M = 94,07), de éxito (IN35M = 99,85), de avaliación (IN36M = 94,21) e de graduación (IN37M = 91,67) para o curso 2022-2023 mantéñense en valores elevados e razoablemente estables na evolución histórica, xa que nos últimos cinco anos fluctuaron nos rangos 94-99, 99-100, 94-99 e 87-100, respectivamente. Por outra banda, a taxa de abandono (IN41M = 4,17) tamén se mantivo nun valor semellante ó do curso precedente, dentro do rango aceptable (tendo en conta ademais que, dado o limitado número de alumnado por cohorte no máster, esa porcentaxe representa o abandono de unha única persoa en termos absolutos). Na mesma liña de razoable estabilidade na evolución histórica de indicadores en bos rangos de valores atópanse a taxa de éxito dos egresados (IN50M = 98,3) e a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53M = 95,65), ambos con oscilacións no rango 95-100 desde o ano 2017. Esta mesma reflexión é extensiva á duración media dos estudos (IN38M), que cun valor de 2,1 se mantén no rango 2,0-2,2 no que vén fluctuando desde os últimos cinco anos.

Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data (MTAD)

A matrícula de novo ingreso foi de 16 alumnos/as — o máximo é de 20—, todos eles por preinscrición. Este número non reflicte a demanda por cursar o máster, que chegou aos 83 alumnos/as que solicitaron preinscrición. Estes números non se trasladaron á matrícula final xa que varios/as alumnos/as admitidos non se matricularon finalmente, e neste máster non se permite a matrícula nun segundo período —dende un punto de vista docente, a incorporación de estudantado co curso xa comenzado non é axeitada.

Por outra banda, a nota media de acceso foi de 7,44 puntos, superior á do curso previo e a máis alta dende que o máster admite 20 alumnos/as. Ademais, o 100% dos/as estudantes que accederon á titulación tiñan unha puntuación igual o superior a 6 puntos. As accións de mellora levadas a cabo para a captación de estudantes de fora do EEES nos últimos anos xurdiron efecto, alcanzándose a cifra máis alta de matrícula de estudantes estranxeiros na historia do Máster (38,1%). Tamén se incrementou a porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia, cun 9,52%. Por contra, a porcentaxe do estudantado que son titulados/as da USC diminuíu significativamente ata o 23,81% debido ao incremento dos outros perfís de estudantes. Nesta liña, no curso 23-24 levarase a cabo unha acción de mellora para incrementar a matrícula por parte do estudantado da USC, e particularmente de enxeñaría informática,

Neste curso académico continuou o incremento da participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación (41,67%). A valoración global media foi de 3,61 puntos. A participación do estudantado na enquisa de satisfacción coa titulación foi de só un 10%, acadando una valoración global de 3,56. Finalmente, só un egresado completou a enquisa de satisfacción coa titulación.

A taxa de rendemento do Máster mantívose nun valor similar ao curso previo, acadando o 79,97%, mentres que a taxa de éxito acadou valores moi altos (96,38%), similar tamén á de anos previos. Así mesmo, a taxa de avaliación se mantivo no 82,98%. Por outra banda, a taxa de graduación chegou ao 85,0% —superior á media da área e da USC—, e a duración media dos estudos diminuíu ata os 1.2 anos. Finalmente, a taxa de abandono do Máster mellorou significativamente, ata o 10,0% —mellora de máis de 5 puntos—, o que fai que sexa inferior á media da área e en liña coa media da USC. Actualmente, a taxa de abandono ven motivada pola presenza de estudantado de fora do EEES que, teóricamente, veñen coa formación adecuada para cursar o máster pero que, realmente, teñen un nivel moi baixo en relación co resto do estudantado e coa esixencia do máster. A taxa de abandono tamén afecta a outros indicadores, como a taxa de rendemento. Por todo isto, compre continuar a súa mellora mediante accións de captación de estudantado, avaliación máis precisa do estudantado candidato por parte da comisión do máster, así como a modificación do proceso de matrícula nos másters da USC.

En relación cos egresados, a taxa de éxito foi do 98,68%, e a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) foi do 92,17%, similar ao curso anterior.

Leváronse a cabo dúas reunións de coordinación nas que participaron os coordinadores do Máster na USC e na Universidad de Murcia (UM). A primeira delas foi o 30 de maio, e nela se analizaron os resultados do primeiro cuadrimestre, a matrícula no Máster, e verificáronse as guías docentes das materias nas dúas universidades. Na segunda (17 de xullo) presentáronse os resultados do segundo cuadrimestre. Tamén se celebrou o 5 de setembro o acto de benvida ao estudantado de nova incorporación.

Nesta directriz levouse a cabo unha acción de mellora (AM-MTAD-1) que xurdiu pola demanda crecente por parte do estudantado de incluír contidos de computación na nube no Máster. Nos últimos cursos académicos xa se desenvolveron varias accións nesta liña, impartindo seminarios en diferentes materias. Neste curso o obxectivo foi impartir contidos de Virtualización, Centro de Datos Definido por Software (SDDC) e Cloud, e Kubernetes como actividades da Aula Profesional.

Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (MHPC)

O curso 2022/2023 foi o quinto curso da edición do máster. En setembro de 2022 obtivo a mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia outorgada pola Xunta de Galicia.

No relativo ao transcurso do curso 2022/2023, impartíuse a memoria en vigor que inclúe a modificación das titulacións que dan acceso ao máster e a acreditación do nivel de inglés. A oferta de módulos e materias correspondeuse e o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspondeuse co establecido na memoria de verificación e permitiu a consecución das competencias. A Comisión do Título e os Departamentos implicados revisaron a adecuación das guías docentes de todas as materias, seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Calidade da Escola.

Realizáronse as reunións de benvida ao comezo do curso 2022/2023 e posteriormente informativas de Traballos Fin de Máster e Prácticas Profesionais, seguindo o Plan Executivo de Calidade da Escola.

Os indicadores globais de resultados indican unha taxa de rendemento do 57.8% cunha taxa de éxito do 94%. Isto supón unha redución do rendemento do 20% respecto ao curso anterior cunha taxa de éxito máis alta. A taxa de avaliación es de 61.5% tamén máis baixa que o curso anterior.

A taxa de abandono foi do 43,7%. Todo o estudiantado que abandonou accederon cunha titulación allea ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) e todas as matrículas foron anuladas por falta de documentación despois de ser requirida e dar un prazo para entregala.

A coordinación xeral foi realizada polos coordinadores do máster. O aspectos relativos ao dobre título, requiren a disposición do coordinador da opción da enxeñaría da Cergy Paris Université. Os dous coordinadores do máster en cada universidade estiveron en constante comunicación para atender as necesidades do estudiantado e resolver as distintas cuestións que xorden no día a día do título, tendo en conta que moitas veces os calendarios das dúas universidades non coinciden.

As labores de coordinación levadas a cabo entre as dúas universidades recollen principalmente a preparación dos horarios en marzo, a revisión das guías docentes que se proban antes, no mes de maio, na universidade de Santiago. A xestión dos TFM, centralizados polo coordinador da universidade da Coruña, así como a constitución dos tribunais para as defensas dos mesmos. Estes tribunais están sempre compostos por profesorado das dúas sedes. As actas tamén precisan unha coordinación naquelas asignaturas que non ten coordinador na universidade de Santiago. A principal vía de comunicación para a coordinación é o correo electrónico.

Non se teñen datos do grao de satisfacción xeral dúas egresados coa titulación. Por ese motivo propúxose realizar de forma externa un estudo dos/as egresados/as nas catro primeiras edicións, que coincide coas edicións que deron lugar á mención de excelencia. Os resultados preliminares indican que case o 85% do estudiantado afirma que as súas expectativas previas víronse cumpridas bastante ou moito, o cal volve redundar no nivel de satisfacción xeral coa titulación.

A acción de mellora (AM-MHPC-1 Curso 2022/2023) proposta para actualizar os contidos oficiais para mostrar este recoñecemento actualizando a páxina web oficial e a wiki do máster foi executada parcialmente por falta de fondos. A actualización da páxina web inclúe un novo deseño. Retomouse esta acción de mellora co código AM-MHPC-2022-23-1. Temporalmente indicouse na web actual que o Máster en Computación de Altas Prestacións/High Performance Computing foi recoñecido coa Mención de Excelencia da Xunta de Galicia. É unha acción de mellora iniciada con fondos de mención de excelencia en outubro de 2023.

Máster Universitario en Visión por Computador (MCV)

O Máster de Visión por Computador comeza sempre o primeiro día cunha xornada de benvida ao estudiantado, onde se explica o carácter e metodoloxía do máster, e onde tamén se presentan os/as coordinadores/as de cada universidade. Isto, ás veces, como no curso 2022- 2023, vai acompañado dunha charla ou seminario por parte dunha persoa relevante no campo da visión por computador, a través da profesora Petia Radeva ([Petia Radeva | Home page \(ub.edu\)](#)) da Universidade de Barcelona. Así mesmo, dase a coñecer a páxina web e os distintos canais de Teams onde se fai dispoñible toda a información que calquera estudante pode necesitar.

Tódalas accións de coordinación entre as catro universidades pasan polos catro coordinadores, ben a través de comunicación directa entre eles, ben, cando a ocasión o require, como por exemplo, na aprobación de anteproxectos de fin de máster, por medio dunha CAM Interuniversitaria. Existen sen embargo aspectos propios de cada universidade do máster discutidas nunha CAM local, como por exemplo a selección de estudantes de ingreso ó mesmo, ou a realización de prácticas en empresas, de moi curta duración, xa que os 30 ECTS dos TFM permiten facer traballos de entidade en calquera empresa. En calquer caso, dada a falta dun Aula Virtual común ás catro universidades que permita cousas tan básicas como levar a conta de estudantes matriculados/as, o máster apoiase moito nos canles de Teams para levar a cabo tales accións, gardando un arquivo común de tódolos estudantes matriculados/as.

En canto a avaliación de resultados, observamos unha evolución non satisfactoria nos resultados dos estudantes ó longo dos tres cursos académicos de implantación do máster de visión por computador (2020- 2021, 2021- 2022, e 2022- 2023). Así, ó longo destes tres cursos académicos, a taxa de rendemento amosou os seguintes resultados: 100%, 83.46% e 75.48%, respectivamente; a taxa de éxito foi de 100%, 95.50%, e 90.70%, respectivamente, e finalmente, a taxa de avaliación rexistrou uns valores de 100%, 87.40% e 83.77%, respectivamente. Estes datos merecen unha explicación.

Así, por un lado o Máster de Visión por Computador coordínase coas universidades de Coruña, Vigo e Oporto, polo que o número de estudantes que se poden matricular na USC é de 7 alumnos. A evolución da matrícula ao longo destes tres cursos académicos foi a seguinte: curso 2020- 2021- 3 estudantes, curso 2021- 2022- 5 estudantes (un deles traballando

e estudiando ó mesmo tempo), e curso 2022- 2023- 5 estudantes, dos cales, un deles non asistiu a ningunha actividade de ningunha asignatura, pero tampouco se desmatriculou de ningunha materia, dous estudantes traballaban, e un deles atópase agora matriculado actualmente a tempo parcial. Aínda que o número de estudantes do máster está por debaixo dos 7 alumnos que nos permite a USC, este número é suficientemente baixo como para que o rendemento dun só estudante teña impacto significativo nas taxas referidas máis arriba (rendemento, éxito, e avaliación); de feito, a propia USC destaca nas súas análises as avaliacións cun número menor o igual a 5 estudantes. Isto corrobórase polos indicadores da USC. Así, a taxa de avaliación do curso 2022- 2023 só foi do 100% en tres materias: Traballo Fin de Máster (estudantes do curso pasado, xa que este máster é de 1.5 cursos), e nas asignaturas optativas de “Fotogrametría e Visión Robótica” e en “Visión Artificial en Tempo Real”. Alén disto, habería que destaca-lo feito de que o Máster de Visión por Computador resulta tamén atractivo para profesionais do sector, aínda que, como vemos, isto poida perxudicar as distintas taxas do máster.

Máster Universitario en Intelixencia Artificial (MIA)

Este Máster Interuniversitario empezou a impartirse no curso 2022-2023, con data de acreditación 27/06/2022. No curso académico 2022-23 as guías docentes foron revisadas polo departamento responsable e a ETSE, e aprobáronse tras revisar que cumprían coa memoria do título. A pesar de non ter practicamente tempo para dar publicidade ao Máster, antes de fin de Agosto tódalas prazas estaban cubertas. O número de prazas ofertadas pola USC foi de 20, e matriculáronse 20 estudantes de novo ingreso (o máximo admisible), mediante inscrición previa (o máximo admisible). Dos 20 matriculados en Agosto, entre setembro e outubro, a USC detectou que unha alumna era estudante de doutorado na UVigo e, por tanto, incompatible para estar cursando en paralelo o Máster e o Doutorado na Universidade Galega. Dos outros dúas persoas que se deron de baixa non temos información.

Por outra banda, a nota media de acceso foi de 7,62 puntos. Aínda que o porcentaxe de matrícula de estudantes estranxeiros foi de 23,53%, a pesar de non ter tempo facer publicidade e non poder reservar prazas para estudantes extranxeiros. A porcentaxe do estudantado que son titulados da USC é similar a cifras de outros másteres (41,18%).

A valoración global do profesorado na enquisa de satisfacción coa titulación impartida foi de 4,23 puntos. A participación do estudantado na enquisa de satisfacción coa titulación foi de 55,56%, acadando una valoración global de 3,81. A taxa de rendemento do Máster foi elevada, acadando o 93,5% (superior ao 88,63% de media da USC). As taxas de éxito e avaliación acadaron valores moi altos, 97,73% e 95,67%, respectivamente.

Realizáronse varias reunións co profesorado e o estudantado do MIA a través da plataforma Teams, incluíndo a presentación do MIA e información técnica das plataformas e organización docente en cada cuadrimestre. Estas reunións foron coordinadas pola UdC. A nivel local, o 13/09/2022 ás 16.00 horas, houbo unha xornada de acollida ao estudantado do MIA no Edificio Emprendia, coa participación da Directora e Subdirector da ETSE e a coordinadora local. Nesta presentación informouse ao estudantado sobre as instalacións da ETSE, a organización do centro, mecanismos de participación no centro e o Sistema Interno de Calidade. Esta xornada é necesaria porque unha parte importante do estudantado fala en inglés. Ademais, houbo reunións frecuentes tanto cós profesores como estudantes para detectar, analizar e corrixir aspectos puntuais da implantación do MIA no primeiro ano.

No mes de maio tivemos unha reunión co estudantado de 1º para informalos sobre as prácticas en empresas. Esta reunión foi importante dado que ao ser o primeiro ano de impartición, a Comisión Local tivo que elaborar todo o procedemento de organización e asignación de prácticas en empresas. Ademais decidiuse que o estudantado puidera cursar as prácticas durante o período de verano.

Por último, en outubro de 2022 tivemos unha reunión coa Universidade de Lille (Francia) para poder colaborar en la impartición do seu Máster a través de accións ERASMUS. Desta forma parte dos contidos da materia do MIA “IA Explicable e Confiable” son explicados nun máster desta universidade no marco dun convenio entre ambas universidades.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

Os procesos do SGC da ETSE directamente relacionados con esta directriz son os cinco procesos clave: PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio a estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.

A USC conta con normativas de xestión académica que regulan os aspectos máis esenciais do proceso formativo. Adicionalmente a ETSE desenvolve normativa propia relacionada coa organización dos procesos de ensino/aprendizaxe e que desenvolve ou concreta as normas xerais da USC que poden atoparse en <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/archivo>.

As Comisións de título e a Comisión de Calidade do centro analizan cada ano os resultados relativos aos procesos de aprendizaxe, ensinanza e avaliación que se terán en conta para o establecemento de accións de mellora.

En particular, desde a dirección da ETSE realízase cada cuatrimestre nos títulos de Grao unha enquisa de carga de traballo a profesorado e estudantado recollida no PEC para avaliar se materias están a desenvolverse, en termos de tempo de traballo do estudantado, de acordo ao planificado nas respectivas memorias de titulación. Os resultados das enquisas son analizados polas Comisións de título e informados na Comisión de calidade.

O grao de satisfacción do alumnado entrante cos programas de mobilidade (IN16C=3,83) considerase satisfactorio e aumentou sensiblemente con respecto ao curso 2021-22 no que se desenvolveu unha acción de mellora con este fin. En canto á satisfacción dos estudantes de grao saíntes cos programas de mobilidade (IN15G) aínda que é alta (4,25 no GREQ e 3,79 no GREI) no GREI detectase unha baixada con respecto ao curso anterior pero sen cambios significativos nos ítems menos valorados que non se consideran dependentes do centro.

Tanto o estudantado (IN19) como os títos profesionais (IN20) valoraron positivamente as prácticas externas tanto nos títulos de grao como de máster.

En relación á captación de estudantado, na ETSE temos porcentaxes de estudantado feminino que distan bastante da igualdade polo que se propón unha acción de mellora asociada a esta directriz orientada a captación de alumnas, a AM-ETSE-2023-24-10: Visibilización das egresadas da ETSE (asociada ao Obxectivo de calidade 9. Atraer estudantado e lograr un maior equilibrio de xénero).

A continuación, preséntase unha análise do desenvolvemento dos títulos que se imparten na ETSE durante o curso 2022-23 en relación a esta directriz.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

A oferta de prazas no curso 2022/23 aumentou con respecto a do curso anterior chegando ás 75 prazas, tal e como se

estableceu na planificación da implantación da segunda edición do título. Así, o número de estudantes matriculados no título (344) reflicte un lixeiro aumento respecto aos cursos anteriores (330 e 319 nos dous cursos previos). En referencia á matrícula de acceso (indicador *IN03G*), non se observan cambios significativos con respecto a cursos anteriores na procedencia das matrículas (non hai adaptacións desde plans en extinción, poucos procedentes de formación profesional – dous alumnos/as – e a gran maioría procede das probas de acceso á universidade).

A captación de alumnado é moi satisfactoria posto que o 100% do alumnado accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (*ING07G*). Neste sentido realizáronse diferentes accións de captación durante o curso dentro do marco do programa “A Ponte” da USC. Dentro destas accións leváronse a cabo tanto encontros virtuais, a través de videoconferencias, como encontros presenciais, nas propias instalacións da Escola. A porcentaxe de estudantes estranxeiros/as sobre matriculados (*IN08G*) (2015/16: 0,60%, 2016/17: 0,94%, 2017/18: 1,23%, 2018/19: 1,27%, 2019/20: 1,25%, 2020/21: 1,57%, 2021/22: 0,91% e 2022/23: 1,45) é aínda moi baixo e, polo tanto, convén mellorar neste eido. Tamén os/as estudantes procedentes de fóra de Galicia son unha porción moi baixa (1.16% do total do estudantado), aínda que é o mellor dato da serie histórica ademais de ser o dobre que o curso anterior. A porcentaxe de estudantes matriculados/as que escolleron o título coma primeira opción é moi alto (85,33%), cunha repunta considerable con respecto ao curso previo (77,27%). Esta alta taxa reflicte tamén unha boa captación de alumnado para o grao e dobre grao. A taxa de ocupación, 104.0% (*IN12G*), na liña dos últimos anos, amosa tamén unha excelente cobertura das prazas ofertadas para o título.

Este ano o indicador de satisfacción dos/das estudantes saíntes cos programas de mobilidade rompe unha tendencia crecente no histórico de datos dispoñibles (no 2018/19 a valoración xeral foi de 4,24 sobre 5 e no 2021/22 do 4,50) acadando un 3,79. Aínda que a situación non é alarmante, isto nos obriga a incrementar a oferta de destinos de mobilidade e continuar promovendo a participación do estudantado neste tipo de programas. En concreto, no curso 2022/23 continuouse coa acción de mellora AM-GREI-1 (proposta no curso 2021/22) na que se buscou potenciar a oferta de destinos de mobilidade aumentando o número de acordos con universidades que requiran o coñecemento da lingua inglesa. Deste xeito, o número de estudantes con posibilidades de participar nos programas de mobilidade se incrementaría de xeito notable ao ser o inglés a lingua estranxeira na que os nosos estudantes posúen un maior número de certificacións. Esta acción terá continuidade no curso 2023/24.

A recepción de estudantes procedentes doutras institucións foi dun 2,33% (*IN18G*), mellorando con respecto ás porcentaxes do curso anterior (1,52%). Sen embargo, aínda non se recuperaron os valores do cursos pre-pandemia.

En canto as prácticas externas, o indicador reflicte unha moi boa percepción por parte dos estudantes (4,34 sobre 5 no curso 2022/23 o que mantén a tendencia crecente no histórico de datos), o que indica que a actual configuración de empresas e institucións nas que o estudantado realiza as prácticas é moi solvente. Os titores profesionais (*IN20G*) amosáronse tamén moi satisfeitos con estas prácticas (4,48 sobre 5). A participación do estudantado no programa de prácticas é moi alta (89,71% no curso 2020/21), na liña dos últimos anos. O programa de prácticas externas do GREI e DGIM está a funcionar moi ben e isto foi un dos elementos que motivou o cambio proposto no que a modificación do GREI incorpora as prácticas externas como obrigatorias.

Se analizamos as taxas por materias podemos observar que estas se atopan en valores desexables. En primeiro lugar, a taxa de avaliación das materias é elevada, superándose claramente o 90% na maioría de materias. O curso 2022/23 coexistiron o plan vello e o novo, de xeito que non houbo estudantes do plan novo que presentasen o TFG. No caso desa materia para o plan vello (G4011426), si se observa un valor na taxa de avaliación máis reducido (54,05%). Esta situación está moi relacionada coa cantidade de estudantes que comezan a traballar antes de finalizar o grao. O itinerario tipo dun estudante do GrEI no último curso é o de realizar as prácticas nunha empresa e que, unha vez finalizadas, xa lle oferten continuar alí traballando. Deste xeito, hai moitos estudantes que pospoñen a presentación do seu TFG ao ter que compaxinar este co seu traballo. Por outro lado, a taxa de rendemento das materias é adecuada, soamente o TFG presenta valores algo por baixo do 80%. A taxa de éxito das materias tamén é correcta, con valores normalmente claramente superiores o 90% (moitas materias chegan ao 100%).

A satisfacción global do alumnado coa docencia recibida mantense en valores altos (4,09 sobre 5). A percepción do profesorado sobre a docencia situouse no 4,26 sobre 5. Por outro lado, é necesario mellorar as taxas de resposta a este tipo de enquisas xa que este curso diminuíron case un 50% con respecto ao curso anterior, situándose nun 34,31%, a máis baixa do histórico de datos. As taxas de éxito e eficiencia dos/das egresados/as son altas (93,1% e 88,69% respectivamente).

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

O profesorado do grao participa regularmente no programa A Ponte de xeito que visitan diferentes centros de ensinanza secundaria e dan charlas relacionadas coa enxeñaría química para presentar esta titulación (Figura 1):




Figura 1. Charlas temáticas impartidas polo profesorado do departamento de Enxeñaría Química

Xunto coas outras titulacións do centro, o GrEQ recibe a estudiantado de bacharelato nos Encontros na USC, visitas organizadas polo programa A Ponte para que vexan as instalacións do centro e saiban o que é a Enxeñaría Química (Figura 2). Tamén participase nos Encontros Virtuais na Zona USC (<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>) para que o estudiantado que non pode visitar de xeito presencial o centro, poida recabar a información pertinente do título.




Figura 2. Difusión en X da derradeira edición do programa ENCONTROS na USC dirixido á alumnado de bacharelato

En relación coas actividades de difusión online do grao (video dispoñible no canal USC – A Ponte de youtube https://youtu.be/1Jqs9_0Nez4?si=z0B4RkZ6NenNSron), no presente curso 2023/24 estableceuse unha acción de mellora vencellada á directriz 6 para fortalecer a visibilización do título entre o potencial alumnado e a sociedade en xeral.

A porcentaxe de estudantes extranxeiros matriculados (IN08G) sigue estando en valores baixos (0,70% no curso 2022/23) aínda que se está a facer un esforzo de captación de estudiantado extranxeiro importante implantando o semestre de mobilidade que permite agrupar materias impartidas en inglés nun cuatrimestre. Por outro lado, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G) segue sendo pequena (2,10% no curso 2022/223) pero en continuo aumento dende o curso 2017/18. En calquera xeito, queda manifesto a importancia desta titulación para a formación de enxeñeiros/as na nosa comunidade autónoma cunha taxa de alumando de novo ingreso preinscrito en 1ª opción con valor máximo no curso 2022/23: 78,33 (IN10G).

A mobilidade saínte segue estando en valores baixos (Figura 3) e nese senso no presente curso tense definido unha acción de mellora vencellada á directriz 3 con fin de analizar o grao de adecuación dos destinos ofertados coa demanda/interese do estudiantado matriculado no título. A mobilidade entrante (Figura 3) está en aumento dende o curso post-pandemia (5,59% para curso 2022/23 IN18G) pero todavía non recuperou os valores previos (máximo no curso 2018/19: 9,18%).


Figura 3. Mobilidade saínte e entrante do Grao en Enxeñaría Química

A metodoloxía docente e de avaliación modifícase para dar resposta ás necesidades especiais dalgún estudiantado. Estas modificacións acordáanse co/s docente/s da/s materia/s nas que o/a estudante está matriculado e son aprobadas pola comisión do título, o Departamento e a ETSE.

Na materia Aula Profesional (6 ECTS) o estudiantado pode escoller entre dous itinerarios posibles: 1) Cursos e Seminarios; e 2) Prácticas en empresas. Ata hoxe, a porcentaxe do estudiantado que opta polo itinerario 2 é maioritario (Táboa I) e a satisfacción tanto por parte do estudiantado como das entidades destino coa experiencia é moi elevada (Táboa II).

Táboa I. Porcentaxe de o estudiantado egresado nun curso académico que ao longo dos seus estudos realiza prácticas en empresas e institucións

Indicador	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
IN22G	96,49	92,11	100,00	96,00	95,83	97,73	100,00	97,67

Táboa II. Satisfacción do o estudiantado coas prácticas externas e satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas (0-5).

Indicador	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
IN19G	4,47	4,27	4,26	3,59	--	4,00	4,67	4,69
IN20G	4,28	4,18	4,11	3,99	--	4,89	4,00	4,40

A comisión do TFG é a responsable da asignación dos TFG. A supervisión corre a cargo do/a titor/a cuxas funcións están descritas no Regulamento de TFG; onde tamén se recolle o proceso de avaliación para o que se emprega unha rúbrica de tres módulos.

Na avaliación de indicadores por materias cabe destacar que a o valor promedio da taxa de éxito aumenta ao ir avanzando no título: 75,5% en 1º, 79,5% en 2º, 84,6% en 3º e 99,1% en 4º. O 48% das materias superan o valor fizado na memoria do título para este indicador, e soamente catro materias (2 en 1º, 1 en 2º e 1 en 3º) presentan valores inferiores ao 65%. Isto resalta grandemente a madurez que van adquirindo os estudantes que lles permite afrontar moito mellor os contidos das materia a medida que avanza o título.

En canto á taxa de rendemento, o indicador global (IN34G) aumentou respecto dos dous cursos anteriores, acadando en 2022/23 o 72,95%. O 58% das materia superan o valor indicado na memoria (76%), estando as materias que non chegan a ese valor fundamentalmente nos dous primeiros cursos (71,9% de promedio en ambos cursos). A medida que avanza a docencia do grao é máis factible para o estudiantado superar as materias das que están matriculados (77,7% promedio de 3º e 93,2% promedio en 4º). Só tres materias teñen unha tasa de rendemento inferior ao 50% (1 en 1º, 1 en 2º e 1 en 3º) sobre as que se presta especial atención no seguimento do estudiantado ao ser materias centrais de enxeñaría química.

O indicador global da taxa de avaliación (IN36G) tamén aumentou respecto dos dous cursos anteriores, acadando en 2022/23 o 89,56%. O 87% das materias do título superaron o 85% indicando que o estudiantado preséntanse aos exames de xeito maioritario, sendo en 1º onde se acada o valor máis alto (95,0%) e en 4º o máis baixo (86,2%) debido fundamentalmente ao baixo valor do TFG (67,16%, que recuperou a preocupante baixada do curso anterior: 51,3%).

Polo que se refire ás cualificacións estas distribúense normalmente entre todas as valoracións posibles estando o grupo maioritario de notas na maior parte das materias entre o aprobado e o notable e en menor medida o sobresáinte. En xeral asígnanse as matrículas de honra en tódalas materias.

A satisfacción do estudiantado coa docencia recibida (IN46G) acadou unha valoración global de 3,76; lixeiramente inferior ao valor medio da rama de coñecemento (3,88) e da universidade (4,08); sendo o elemento máis penalizado nas enquisas o

falta de motivación por parte do profesorado da participación crítica e activa do estudiantado nas aulas (3,56). A realización das enquisas de xeito telemático e número de preguntas e de enquisas a cubrir polo estudiantado dificulta acadar altas porcentaxes de participación; non obstante parece ter efecto a acción de mellora posta en marcha a nivel de título e de centro que elevou o seu valor no curso 2022/23 ata o 27,31% (IN48G) fronte ao 19,22% do curso anterior. O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) segue manifestando unha tendencia de aumento ao pasar do 3,72 (curso 2017/18) ao 4,20 (curso 2022/23).

No curso 2022/23 desenvolvéronse as seguintes accións de mellora no ámbito desta directriz:

- AM-GrEQ-2: Dende a ACMP requirírase da ACSUG a información detallada por títulos de todos os aspectos de seguimento de egresados e facilitárase a devandita información aos centros mediante un informe específico. Continuación acción de mellora AM-GrEQ-6 2021-22 informe específico egresados.

Que non pode considerarse implementada con éxito posto que a ACMP non recibiu da ACSUG a información detallada por títulos de todos os aspectos de seguimento de egresados para facilitar a devandita información aos centros mediante un informe específico.

No curso 2023/24 estableceuse unha única acción de mellora no ámbito desta directriz:

- AM-GrEQ-2023-24-3: Analizar o grao de adecuación dos destinos ofertados coa demanda/interese do estudiantado matriculado no GrEQ

Na enquisa que se realiza dende o centro ao estudiantado de novo ingreso detectase unha alta intención e interese en realizar unha mobilidade durante o grao sen embargo dita intención non se materializa á vista das baixas mobilidades efectivas saíntes polo que é preciso coñecer os factores que dependen do título, do centro e da universidades que cambian dita intención para poder establecer as accións pertinentes de corrección ou mellora.

Grao en Intelixencia Artificial (GrIA)

Adicionalmente á participación nas actividades do programa “A ponte” (Encontros na USC, catro xornadas, e encontros virtuais na USC, dúas xornadas), a coordinación do GrIA participou en charlas informativas específicas para centros que visitaron o CiTIUS-Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes, informando sobre o Grao en IA. Tamén, na Charla Temática “Os segredos da Intelixencia Artificial Responsable, Accesible e Centrada nas persoas” impartida en centros de secundaria de Galicia os días 13/12/2022, 01/03/2023, 21/12/2022 e 03/02/2023 se presenta ao estudiantado o GrIA.

Tamén a participación activa de docentes da ETSE no programa STEMBach serve como medio de captación de estudiantado, xa que nese programa se desenvolven traballos de iniciación á investigación para estudantes de 1º-2º Bach. Varios docentes do GrIA titorizan traballos deste programa (13 no bienio 23/25), que serve como iniciación á investigación en IA e como plataforma para informar acerca do Grao en IA.

A comisión do título analizou o estado dos programas de mobilidade Erasmus e SICUE do GrIA. Aínda que no curso 2022/23 non corresponde a realización de mobilidade, a previsión de que esta comece aconsellou tratar de intensificar a sinatura de acordos Erasmus, co obxectivo de comezar a participación do estudiantado.

Sobre as enquisas de satisfacción coa docencia recibida, valorouse moi positivamente a elevada participación do estudiantado. Sobre as enquisas de carga de traballo, a baixa participación impide un diagnóstico preciso. Non obstante, a carga promedio resultante non parece ser excesiva e, como cabe esperar, concéntrase nos meses centrais e finais dos cuadrimestres. Esta análise é plenamente coincidente coa percepción subxectiva que trasladan os representantes do estudiantado. En todo caso, as materias para as que no curso 2022/23 se detectou unha elevada carga de traballo respecto do previsto (aínda que fose puntual) revisaron a súa programación co obxectivo de limitar ese exceso e levalo a valores promedio no curso 2023/24. Dado o curso de implantación, isto só foi posible analízalo para materias do 1º cuadrimestre, pero é unha análise continua que se volverá repetir ao final do 2º Cuadrimestre e nos cursos sucesivos.

En canto as taxas por materias sitúanse nos intervalos 70.37%-90.57% (rendemento), 71.70%-97.96% (éxito) e 88.89%-100.00% (avaliación). Todos os valores mínimos sitúanse por riba do 70% de referencia para a taxa global de rendemento, polo que non se aprecia ningunha disfunción relevante.

En base a todo o anterior, a comisión do GrIA decidiu definir as accións de mellora para o curso 2023/24 que indicamos de seguido:

- AM-GrIA-2023-24-1: incrementar a oferta de convenios Erasmus en Universidades que requiran coñecemento da lingua inglesa, para facilitar esa opción ao estudiantado do GrIA.
- AM-GrIA-2023-24-2: Implantar estratexias exitosas para permitan incrementar o número de enquisas de docencia correctamente cubertas

- AM- GrIA -2023-24-5: coñecer directamente a visión, intereses e necesidades dos sectores empresariais e institucionais para mellora a formación recibida polos noso alumnado, dado que o Comité Asesor Externo do título, formado por representantes de 13 empresas, institucións e organizacións, tivo unha actividade reducida durante a implantación do GrIA.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MEnA)

O proceso de admisión do estudantado transcurriu sin maiores problemas, máis alá dos detectados noutros anos (relacionados con aspectos derivados da web institucional, que pensan deberían mellorarse para localizar mellor o mestrado). A orientación académica solicitada nas primeiras semanas de setembro foi importante xa que algúns estudantes non dispoñían de toda a información que necesitaban para a elección de optativas, e así o foron corrixindo durante ese mes. Unha vez matriculados, a orientación académica do MEnA comeza no mesmo acto de benvida, que é altamente valorado (máis do 70% o consideraron útil ou moi útil). Logo esta orientación se reparte entre o Coordinador do máster e os/as Coordinadores/as de módulos. Especialmente intensa é a labor de Coordinación que se fai en relación coa elección de empresa nas Prácticas Externas e a elección de tema para o TFM. En relación a orientación profesional, o máster dispón de abundante información sobre inserción laboral de titulados e de forma regular empresas contactan co máster coa intención de incorporar egresados nas súas plantillas. Continuouse co impulso de acadar un maior número de convenios con empresas para a realización de prácticas externas. Nese eido, acadáronse este curso 4 novos convenios.

En relación ós procesos relativos a xestión dos TFM, non houbo incidencias a destacar. Presentáronse 16 estudantes, a maioría deles na oportunidade de nullo, sendo os temas de traballo todos previamente acordados co profesorado.

En relación ós valores das taxas das materias do título, en xeral estiveron situados un ano máis na banda alta. Comezando pola taxa de éxito (INF-17), os valores acadados foron todos moi altos, en xeral do 100% para a maioría das materias, excepto para dúas que foron de 94 e 96%. No relativo á taxa de rendemento (INF-18), os valores acadados están por moi por enriba dos establecidos na nova memoria da titulación (85%), con un promedio xeral do 93,74%, destacando que para 18 das 22 materias os valores son superiores ó 90%. Finalmente, en reacción coa taxa de avaliación, os valores acadados foron moi altos cun promedio do 94,13% e sempre superiores ó 85%.

Finalmente indicar a alta satisfacción mostrada polos estudantes, con unha puntuación de 4,28 ó novo curso correspondente a esta nova edición do Máster.

En canto as principais accións de captación levadas a cabo no pasado curso 2022-23, sinálanse as seguintes: a) Participación no Webinar organizado polo Vicerreitorado da USC para a difusión das titulacións de Máster en América Latina; b) participación no programa da USC A Ponte en 4 centros de secundaria coa ponencia “Aplicacións da Biotecnoloxía e a Enxeñaría Ambiental en Galicia”; c) Presentación da titulación nas universidades chilenas “Universidad de Santiago de Chile” e “Universidad Técnica Federico Santa María” (16 e 17 de novembro de 2022); d) Xornadas de Empregabilidade en Enxeñaría Ambiental (27 outubro 2022).

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQB)

A matrícula de acceso (IN03M = 25) marcou un valor máximo na serie histórica no curso 2022-2023, representando ademais o 100% de ocupación das prazas ofertadas de novo ingreso (IN12M). Ademais, a nota media de acceso por preinscripción (IN06M = 7,3) foi superior á dos últimos anos (flutuando no rango 6,7-7,1) e o 100% dos estudantes que accederon á titulación fixérono cunha puntuación superior a 6 (IN07M). Estes bos valores dos indicadores poden deberse en parte a actividades de captación como a participación de varios membros do equipo docente do máster nas charlas do Programa A Ponte en centros de ensino medio ou do coordinador do título nunha acción de mercadotecnia promovida polo Servizo de Captación Internacional da USC con orientación a potencial alumnado de Iberoamérica; ou tamén á acción de mellora AM-MEQB-1 da axenda 2021-2022 sobre difusión do máster entre o alumnado do último curso do Grao en Enxeñaría Química da USC. A través desta acción de mellora sistematizouse unha charla informativa por parte do coordinador ao alumnado de 4º do grao mencionado, no transcurso do primeiro semestre de cada curso académico. Outro aspecto contribuíndo ó bo compartamento dos indicadores mencionados foi o excelente funcionamento dos convenios de dobre título entre o máster e dúas titulacións de máster integrado de senllas universidades chilenas con acreditado prestixio no eido da enxeñaría (bio)química, particularmente no que se refire ó itinerario de mobilidade entrante. Complementariamente, este aspecto tamén repercutiu substancialmente na internacionalización do estudantado do máster. Así, o alumnado de mobilidade entrante ó abeiro dos convenios de dobre título, xunto con algúns beneficiarios do programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, fixo que a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) se incrementase ata o 38,78% no curso 2022-2023 (previamente acadara o 24% no curso 2021-2022).

e non pasara do 15% nos cursos anteriores). Dado o efecto beneficioso que se percibe do funcionamento dos convenios de dobre título mencionados, e tendo en conta que pronto rematará o seu período inicial de vixencia, contémpase unha acción de mellora ligada á súa renovación para a axenda 2023-2024:

- AM-MEQB-2023-24-3: Renovación dos convenios de dobre título.

A mobilidade saínte desde o máster está vinculada ó programa Erasmus+ da Unión Europea, con dous estudantes de 2º curso realizando estadias en Alemaña e Polonia (INF.03). Estes dous estudantes representan o 10% da súa cohorte no máster.

En canto ós resultados da aprendizaxe, os indicadores desagregados por materias amosan, para o curso 2022/2023, unha taxa de éxito (INF.17) do 100% para todas estas materias coa única excepción de “Modelización mediante fenómenos de transporte”, que ten a devandita taxa situada no valor aínda ben aceptable do 96%. As taxas de rendemento (INF.18) e de avaliación (INF.19) son superiores ó 90% en todas as materias excepto en tres casos: as materias optativas “Reoloxía de biopolímeros” (87,50% ambas taxas) e “Modelización termodinámica e cinética de procesos de secado” (88,89% ambas taxas), e o Traballo Fin de Máster (TFM) (83,33% ambas taxas). A coincidencia numérica da taxa de rendemento e a de avaliación nestes tres casos é indicativa de que o non acadamento de valores do 100% é debido a alumnado que non se presenta. No caso das materias optativas, podemos pensar de un caso particular de arrepentimento da escolla elixida, unha vez superado xa o prazo dado pola USC para efectuar a modificación de matrícula; pero en todo caso non parece ir máis alá dunha circunstancia puntual en vista da evolución histórica destas taxas para as materias citadas. No que respecta ó TFM, valores inferiores ó 100% para estas taxas veñen dándose desde o curso 2018-2019, con frecuencia por causa da iniciación de algúns estudantes no mercado laboral con antelación á realización e defensa do traballo (grazas á alta empregabilidade do perfil do título), dilatando este último no tempo. Isto vese corroborado dalgún xeito polo indicador de duración media dos estudos: $IN38M = 2,1$, superior á duración canónica de 1,5 anos do plan de estudos. En todo caso, obsérvase unha lixeira melloría respecto das taxas de rendemento e avaliación do TFM do curso 2021-2022, que se espera consolidar a través da acentuación de medidas xa tomadas e que parecen surtir un efecto positivo; en particular, a anticipación temporal máis pronunciada da convocatoria inicial de propostas abertas de TFM promovidas por profesorado do Departamento de Enxeñaría Química.

Para o caso particular das Prácticas en Empresa, o indicador de satisfacción do estudiantado coas mesmas (IN19M) sitúase nun valor de 3,89, que se pode considerar aceptable pero asemade mellorable (dentro dun contexto de forte flutuación no tempo durante os últimos anos, pasando de 4,44 no curso 2020-2021 a 2,89 no curso 2021-2022 e ó mencionado 3,89 no curso 2022-2023). Nese senso, trasládase á axenda 2023-2024 unha acción de mellora xa presenta na axenda 2022-2023 e que non se executou no período inicialmente previsto:

- AM-MEQB-5: Analizar o grao de adecuación das actividades desenvolvidas nas prácticas en empresas ó perfil do estudiantado do Máster.

confiando en que aporte información que permita mellorar o nivel de satisfacción do alumnado coas prácticas externas obrigatorias que realiza no 2º curso do máster, pois, aínda que na análise individualizada por ítems (INF.06) a valoración máis baixa (3,33) corresponde a un aspecto interno de información previa recibida do procedemento de prácticas, os seguintes ítems presentaron unha valoración discreta de 3,67: “A atención recibida por parte do titor profesional e do persoal da empresa foi adecuada”, “As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira”, “As actividades desenvolvidas na empresa cumpriron as miñas expectativas” e “En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral”. Dáse a circunstancia de que, na enquisa feita ós titores externos destas prácticas (INF.07), o ítem de valoración máis cativa (3,93) foi o de “As competencias profesionais previas do alumno axústanse ás necesidades da miña empresa”, evidenciando dalgunha maneira a necesidade de facer axustes, coa implicación dos grupos de interese, no protocolo das prácticas en empresa. Non obstante, a valoración global da satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (IN20M) é satisfactoria: 4,29 para o curso 2022-2023, dentro do rango de flutuación 4,2-4,9 no que se veu movendo desde o curso 2017-2018. A satisfacción é aínda maior por parte dos titores académicos das prácticas (INF.08), cunha valoración global de 4,69 (sen información dispoñible para anos precedentes) e sen que ningún dos ítems individuais da enquisa asociada presente unha valoración específica inferior a 4,0.

A satisfacción global do alumnado coa docencia recibida (IN46M = 4,42) experimentou no curso 2022-2023 un aumento importante respecto da banda de flutuación 3,8-4,2 na que se viña movendo nos cinco anos anteriores. Ademais, este dato vén avalado por unha taxa de reposta do alumnado do 60% (IN48M), que retoma valores de cursos anteriores tras o baixón observado no curso 2021-2022 (no que a participación foi de tan só o 39%). Este incremento de participación pode atribuírse, polo menos parcialmente, á exitosa execución da acción de mellora AM-MEQB-3 da axenda 2022-2023, especificamente dedicada a intentar mellorar a taxa de resposta nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese.

Debullando por ítems a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13), obsérvase para o curso 2022-2023 que hai ata tres ítems cunha valoración superior ó 4,50: “[O docente] resolve as dúbidas que se lle formulan” (4,67), “[O docente] ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos estudantes” (4,55) e “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade” (4,58), que xa destacaban nos resultados do curso anterior. Son ítems que evidencian o forte compromiso do profesorado coa súa actividades docente e coa atención ó alumnado. No punto contrario, o ítem con valoración máis baixa é “O docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos” (4,27), se ben segue tratándose dunha valoración moi boa e non afastada do elevado valor medio global. Ademais, é unha valoración claramente superior á do mesmo ítem no curso anterior (3,90), contribuíndo seguramente a esta mellora a execución exitosa de dúas accións de mellora da axenda 2022-2023 netamente vinculadas a cuestións de metodoloxía docente: AM-MEQB-2 (“Formar a profesorado do Máster en metodoloxías de roles de equipo”) e AM-MEQB-7 (“Reflexionar sobre a natureza e sentido dos informes encargados ó alumnado”). A primeira fixo que se organicen equipos de membros máis complementarios na materia “Dirección de Proxectos de Enxeñaría” (e pronto se aplicará tamén na organización de equipos de traballo en actividades da materia “Deseño Conceptual de Procesos”), mentres que a segunda incentivou o subministro de retroalimentación por parte do profesorado ó alumnado en relación a traballos entregados dentro de diferentes actividades propostas de avaliación continua nas diferentes materias do máster. A que non se executou foi a AM-MEQB-6 (“Elaborar vídeos sobre prácticas de docencia no laboratorio”) ó entenderse que, unha vez superada a pandemia da COVID-19 e sen que se agarden situacións de emerxencia socio-sanitaria semellantes cando menos no curto-medio prazo, a razón que motivou esta acción de mellora realmente decaeu. Neste contexto de accións orientadas a unha mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado, tampouco se executou dentro da axenda 2022-2023 outra que, porén, conserva a súa razón de ser ó enfatizar un aspecto de vixente e candente actualidade como é a sostibilidade; e polo tanto dásele continuidade na axenda 2023-2024:

- AM-MEQB-4: Difundir os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas a través das materias do Máster.

Pola súa banda, a satisfacción global do profesorado coa docencia impartida (IN47 = 4,30), apoiada por unha participación na enquisa do 65%, localízase na banda alta do rango de fluuación dos últimos cinco anos (3,9-4,3). Na análise polo miúdo dos diferentes ítems da enquisa asociada (INF.14), destacan as elevadas puntuacións de “Mantemento un trato correcto cos estudantes” (4,86), “Informe axeitadamente ó meu alumnado dos criterios de avaliación da materia” (4,81) e “Amósome accesible ó alumnado nas miñas clases e titorías” (4,71), que se alían bastante ben cos ítems destacados na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que vén de comentarse no parágrafo anterior. Os ítems que non acadan un 4 de valoración na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida son “Estou interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia” (3,71), seguramente por entenderse xa cuberta esta necesidade a través das accións de mellora vinculadas a aspectos de metodoloxía docente que xa se mencionaron antes, “O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia” (3,79) e “O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases” (3,95). En todo caso, non son malas valoracións e mantéñense nas mesmas bandas de valoración que en cursos precedentes

Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data (MTAD)

A taxa de avaliación de todas as materias foi alta, movéndose nun rango do 81 ao 95%, agás no TFM que acadou un valor do 75%, estando todos estes valores dentro da normalidade. A taxa de rendemento tamén foi moi alta en todas as materias (rango do 81 ao 95%), salvo no mencionado TFM (75%), e nas materia de Aprendizaxe Estatística (78%) en Minería de Datos (75%) —estas dúas materias teñen unha compoñente matemática que as fai máis complexas para determinados perfís de estudantado—, sendo de novo todos os valores correctos. Por último, a taxa de éxito foi do 100% en todas as materias, salvo en Aprendizaxe Estatística (82%), Minería de Datos (92%), e Tecnoloxías de Xestión da Información non Estructurada (87%), sendo en calquera caso valores razoables. Pódese concluír que as taxas de avaliación, rendemento e éxito tomaron en todos os casos valores nos parámetros desexables.

En canto ao grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida acadou un valor alto de 4,36 puntos, igual ao do curso previo. Por contra, a taxa de participación nas enquisas do estudantado baixou significativamente ata o 40%, unha diminución que é común á moitas outras titulacións. En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, este ano a participación nesta enquisa foi do 50%, subindo máis de 8 puntos porcentuais, cunha puntuación global media de 3,96 puntos.

Nesta directriz levouse a cabo unha acción de mellora (AM-MTAD-3), que foi unha reedición da do curso previo, co obxectivo de aumentar a captación de estudantado internacional, concretamente hispanoamericano, xa que o potencial número de

aestudantes con este perfil é moi elevado. Para isto, participouse na actividade dixital de mercadotecnia internacional que está a desenvolver o Servizo de Captación Internacional da Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional. Así, realizouse a gravación do vídeo do Máster para participar na actividade de captación internacional. O 25 de xaneiro ás 19:30 tivo lugar a xornada de presentación dos másters, organizada pola USC, con fin de incrementar a captación de estudantes de Hispanoamérica. O coordinador do Máster participou en dita xornada e respondeu as preguntas formuladas polo estudiantado.

Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (MHPC)

Este máster participou a principios de ano nas actividades de difusión internacional de mestrados oficiais, coa presenza do coordinador nun dos seminarios online para ou estudiantado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior que organiza a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, a través da súa Oficina de Captación Internacional. En maio de 2023 elaborouse un vídeo de promoción de máster para difundir por redes sociais co obxectivo de aumentar a captación de estudiantado de fala hispana.

A oferta de prazas é de 12 e o que se refire á matrícula de acceso de novo ingreso por preinscrición foi de 5 estudantes, un 55% menor que o curso 2021/2022, cunha taxa de ocupación máis baixa do 41,6% e nota media de acceso de 9,1 superior ao curso pasado. O porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados e o porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados diminuíu nos últimos dous anos ata un 14,29%.

Os indicadores desagregados por materias indican unha taxa de éxito do 100% na modalidade presencial e a distancia, excepto na materia Arquitecturas de altas prestacións que ten unha taxa de rendemento do 66,6%. A taxa de rendemento na modalidade presencial e do 100% en nas materias optativas e 66,6% en as obrigatorias agás Tráballo fin de máster que e do 75%. Na modalidade a distancia ocorre o contrario. O rendemento é do 100% nas materias obrigatorias fóra de TFM, Prácticas Profesionais e Taller de Proxectos. Obsérvase unha taxa de avaliación do 0% en Prácticas Profesionais, Taller de Proxectos e TFM na modalidade a distancia. Algúns estudantes deixan esas materias para o seguinte curso académico o que aumenta a duración media dos estudos. A duración media dos estudos incrementouse un 50% no curso 2021/2022 e agora está en 1,3 anos de media. Este aumento pode estar motivado polo número de estudantes que cursan o máster na modalidade a distancia e traballan a tempo completo de forma simultánea.

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións foi do 100% e a satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas foi máxima (5 puntos sobre 10) pero non hai resultados sobre a satisfacción do estudiantado.

Nos resultados preliminares do estudo dos egresados nas catro primeiras edicións se observa que tres de cada catro estudantes do Máster en Computación de Altas Prestacións contaron cun emprego tras a súa finalización.

No que se refire á mobilidade, os estudantes franceses do dobre título cursan en Santiago durante mes e medio as materias do primeiro cuatrimestre. Ningún estudante dá USC acolleuse ao dobre título, debido principalmente a que lles implica desprazarse a Pau durante un ano e medio. Resulta máis interesante para estudantes recentemente graduados que para o estudiantado que traballa.

A necesidade de Computación de Altas Prestacións para resolver grandes desafíos da sociedade xera novas ofertas de titulación en máster público/privado, nacional/internacional, con formación en persoa e a distancia. Se propuxo a acción de mellora AM-MHPC-2022-23-3 para realizar unha campaña en medios de publicidade e comunicación dixital para mellorar o posicionamento da páxina web do máster.

Executouse a acción de mellora (AM-MHPC-2 Curso 2022/2023) xerando a -NORMATIVA REGULADORA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS Aos MELLORES TRABALLOS FIN DE MÁSTER- Aprobada en Comisión Académica Interuniversitaria o 22 de marzo de 2023. Dos tres TFM defendidos no curso actual, un deles reunía os requisitos para presentarse á convocatoria e foi galardoado co Mellor TFM do curso 2022/2023.

Máster Universitario en Visión por Computador (MCV)

As prácticas externas do Máster de Visión por Computador organízanse por universidade. Ó longo da vida do noso máster, a USC ofertou prácticas externas tanto en entidades privadas- Televés, S.L., Neurologyca, S.L., Finsa, CTAG, etc.-, como na propia USC, en particular no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS). Unha das dificultades que atopamos na oferta de prácticas externas é o curto tempo das mesmas- 75 horas-, así como o posible desánimo de empresas de cara á oferta de prácticas externas debido ó reducido número de alumnos, xunto á oferta de prácticas externas por parte do profesorado da USC, facendo imposible que se cubran tódalas prazas ofertadas por empresas. Cremos que estes son parte dos motivos de insatisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas do noso título, xa que son

valoradas cunha puntuación relativamente baixa, de 3,67 puntos. Nembargantes, as prácticas externas deste máster foron concebidas cunha baixa duración para alargar o TFM a 30 ECTS para que este último fose compatible coa normativa de másteres das universidades portuguesas. Na nosa opinión, as prácticas externas do Máster de Visión por Computador deben verse como unha posible vía de entrada a facer un posterior TFM, cunha entidade de 30 ECTS, ou incluso un doutorado industrial- no caso dunha empresa-, ou un doutorado convencional no caso da universidade. Finalmente, sendo conscientes desta situación, xa comezamos a tomar medidas neste sentido. Así, a acción de mellora AM-MCV-2023-24-2.1 céntrase nunha xornada de presentación de prácticas externas na USC para o alumnado, mentres que a acción de mellora AM-MCV-2023-24-2.2 estudiará a posibilidade de ofertar prácticas comúns para as catro universidades do noso máster.

Tal e como se comentou na Directriz 2, observamos unha evolución non satisfactoria nos resultados dos estudantes ó longo dos tres cursos académicos de implantación do máster de visión por computador (2020- 2021, 2021- 2022, e 2022- 2023). Así, ó longo destes tres cursos académicos, a taxa de rendemento amosou os seguintes resultados: 100%, 83,46% e 75,48%, respectivamente; a taxa de éxito foi de 100%, 95,50%, e 90,70%, respectivamente, e finalmente, a taxa de avaliación rexistrou uns valores de 100%, 87,40% e 83,77%, respectivamente. Así mesmo, xa indicamos na Directriz 2 o reducido número de estudantes e o feito de que algúns deles traballen e estudien ó mesmo tempo como factores principais que explican estas baixas taxas.

Na análise pormenorizada por asignaturas, destacamos taxas do 100% en tódalas asignaturas durante o primeiro curso de implantación do máster (2020- 2021), e de menos porcentaxe no resto de cursos académicos, acando os peores resultados no curso académico 2022- 2023. Neste curso académico en particular, tanto as Prácticas en Empresas e TFM teñen sempre taxas de éxito do 100%. Sen embargo, a taxa de éxito da materia de “Aprendizaxe Automática Avanzada de Visión por Computador”, que baixa até o 60%, mentres que o resto de asignaturas se manteñen no 80%. Á vista destes resultados, si sería aconsellable unha acción de mellora. Neste sentido, a acción de mellora AM-MCV-2023-24-5.1 vai encamiñada ó deseño, revisión periódica e mellora dos programas das materias.

Un aspecto a revisar no Máster de Visión por Computador é a taxa de abandono, que claramente está por riba da da USC. Cremos que isto se debe en parte ó comentado dentro da Directriz 2, no sentido de que o máster é atractivo para profesionais que se atopan traballando, pero que posteriormente non son capaces de seguir as asignaturas debido á súa esixencia. Aquí de novo, non podemos esquecer o baixo número de estudantes matriculados no máster.

Outro aspecto non satisfactorio a destacar é a baixa porcentaxe de estudantes que cubren as enquisas de satisfacción coa docencia recibida. Aínda que non hai ningunha acción de mellora encamiñada a este fin, si incidiremos e insistiremos para que cubran ditas enquisas, se ben, o baixo número de estudantes que ten o máster é un factor que perxudica nestas porcentaxes.

Finalmente, en canto á captación de estudantes, ésta faise a través da páxina web propia do máster, e da páxina da USC. Un aspecto a destacar é que vimos observando a dificultade que teñen para matricularse no máster os estudantes de fóra do EEES, polo que na acción de mellora AM-MCV-2023-24-1.1 propoñemos abrir un prazo exclusivo de matrícula para este tipo de estudantes.

Máster Universitario en Intelixencia Artificial (MIA)

No primeiro curso académico (2022/2023) ofertouse tarde o Máster, debido ao retraso na acreditación (data de acreditación 27/06/2022). Unha vez acreditado, na USC habilitouse unha páxina web, na que se completou a información nos apartados correspondentes. Ademais, creáronse enlaces á documentación que se elaborou expresamente para incrementar a captación do estudantado: resumo do plan de estudos, folleto informativo do máster, requisitos de idiomas, e horarios simplificados. Ademais, para facilitar o requisito de idioma (ao ser o primeiro ano), contactouse có Centro de Linguas Modernas da USC para que habilitase un período especial para o estudantado e fíxose publicidade. Por outra banda, a nivel global a USC promocionou o grado e máster en IA a través da prensa galega. Por último, hai que destacar que respóndese directamente desde a Coordinación do MIA a todo o estudantado que pregunta por e-mail por cuestións do máster. Se estas son de tipo administrativo, indícaselle a dirección de correo onde deben preguntar.

Con respecto á taxa de rendemento do Máster (93,5%), a materia con menor rendemento (50%) foi unha materia impartida por outra universidade (Computación evolutiva), na que houbo só 2 estudantes, e un deles tivo que deixar temporalmente algunhas materias porque esta traballando a tempo completo nunha empresa. Os valores do resto das materias con este indicador por debaixo de 100% viñeron influenciados por un estudante que traballaba a tempo completo e antes de finalizar o primeiro cuatrimestre decidiu abandonar o Máster. Por último, este indicador está asociado coas taxas de avaliación e éxito, que como veremos a continuación son inferiores nas materias relacionadas có aprendizaxe automático, debido á súa dificultade. En concreto, as materias con menor taxa de éxito (menores do 100%) foron as materias relacionadas có

aprendizaxe automático, que son as materias de maior complexidade matemática e computacional.

En canto ao grao de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida acadou un valor de 3,81 puntos, cunha participación do 55,56%. Os ítems con valores maiores que 4 son os asociados ao cumprimento do programa e temporización, á resolución de dúbidas realizadas, a axuda recibida actitude receptiva por parte do profesorado.

Os peores ítems están relacionados coa falta de claridade dos docentes á hora de explicar os criterios de avaliación con claridade. Hai que ter en conta que se trata do primeiro ano dun máster interuniversitario que se imparte de forma remota desde cada universidade e que ten equipos docentes de diferentes universidades, polo que a posta en marcha con tan pouco tempo (data de acreditación 27/06/2022) dificultou enormemente a coordinación das diferentes equipas docentes.

En canto a taxa de participación nas enquisas do estudiantado, o valor foi de 55,56%. En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, acadouse unha puntuación global media de 4,23 puntos.

Nesta directriz propúxose unha acción de mellora para o curso 2023-24 (AM-MIA-2023-24-1), consistente en aumentar a difusión do Máster ao estudiantado estranxeiro. No primeiro curso académico (2022/2023) ofertouse tarde o Máster, polo que non houbo reserva de prazas para estudiantado de fóra da UE. Por iso, xa no ano 2023 fíxose unha actividade de captación de estudiantado no ámbito da USC, que se manterá para o curso 2023-24. O obxectivo desta actividade é aumentar a captación do alumnado internacional é, concretamente hispanoamericano, xa que o potencial número de estudantes con este perfil é moi elevado. Así, no ano 2023 realizouse a gravación do vídeo do Máster para difundir na actividade de captación internacional da USC. A coordinadora tamén participou nas xornadas de presentación dos másters dos anos 2023 e 2024, organizadas pola USC, con fin de incrementar a captación de estudantes de Hispanoamérica. En ditas xornadas, a coodinadora respondeu as preguntas formuladas polos estudantes.

A acción de mellora proposta tamén consiste en responder a tempo as numerosas consultas de estudiantado nacional e estranxeiro, que son recibidas a diario ou derivadas, no caso de tratarse de consultas administrativas. Por último, na acción de mellora do curso 2023-2024 propúxose avaliar se todas estas actividades realizadas permiten aumentar os resultados de captación de estudantes de fóra do país.

As Prácticas Externas no MIA son prácticas obrigatorias. No curso 2021/22 elaborouse o procedemento a seguir na oferta e asignación destas. Así, preparouse unha oferta suficiente para cubrir tódalas necesidades, e permitindo ao estudiantado ordear as súas preferencias. Tamén permítense que estes presenten ofertas alternativas de entidades externas coas que calquera estudante poida ter algún acordo/compromiso persoal. Durante o curso 2022/2023 usáronse os convenios de colaboración xa asignados na ETSE para as titulacións de informática e asináronse novos convenios de colaboración con entidades externas, que cada vez en maior número ofertan prazas para a realización de prácticas do noso estudiantado. A oferta superou claramente a demanda. Ademais, axilizouse todo o proceso para que o estudiantado puidera empezar as súas prácticas tan pronto se matriculase (mediados de xullo), se o acordaba coa empresa. Esta opción permite que o estudante poida realizar as prácticas no verán ou antes de empezar o cuadrimestre. Con respecto aos Traballos Fin de Máster, tamén se definiu cun procedemento ben establecido para a convocatoria e avaliación, seguindo procedementos semellante ao resto de titulacións da ETSE.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.

- Formación do profesorado e mobilidade.
- Actividade investigadora.
- Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O proceso *PS-01 Xestión dos recursos humanos* do SGC da ETSE ten como obxectivo a detección de necesidades de recursos humanos no centro así como as súas necesidades de formación. Por outra banda, cúmprese cos requisitos de recursos humanos establecidos nas memorias de verificación dos títulos.

Pódese considerar que o persoal académico que participa nos títulos que se imparten na ETSE é suficiente e adecuado para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada a través do programa de formación e innovación docente (PFID) da USC. Ademais, propoñéanse actividades de formación desde o centro cando se considera necesario.

A información do profesorado do centro está dispoñible na web do centro (<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-tecnica-superior-ingenieria/directorio>) e as súas características poden resumirse cos seguintes índices, que permanecen bastante estables nos últimos anos:

IN24C- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total: 92,69 (83,33-100%)

IN25C- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total: 97,41 (93,55-100%)

IN26C- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 71,48 (61,29-100%)

É de destacar a participación do profesorado en programas de mobilidade en cinco dos títulos (I10). A porcentaxe de participación do PDI en actividades de formación (I6) oscilou no curso 2022-23 entre o 17,98 e o 42,86% dependendo do título, e destaca o significativo aumento na participación na maioría dos casos. O informe do grao de satisfacción coas actividades formativas (INF.10) é global para a USC polo que non permite extraer conclusións sobre o profesorado do noso centro. En canto ao grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47) e moi alto en todas as titulacións tanto de grao como de master (3,96-4,71) e está en concordancia coa satisfacción do estudantado coa docencia recibida (IN46: 3,76-4,58).

No que respecta ao Persoal de Administración e Servizos (<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-tecnica-superior-ingenieria/directorio>) consideramos que non é dabondo para levar a cabo as numerosas actividades de xestión desenvolvidas na ETSE asociadas aos títulos impartidos. É de destacar a alta valoración do PAS polo profesorado (INF.23: 4-5; media 4,47) e estudantado do centro (INF.22: 3,33-5; media 4,13). A porcentaxe de participación do PAS en actividades de formación (I7), segue sendo elevada (64,29%) o que demostra a implicación do personal na mellora continua. O informe sobre o grao de satisfacción é global da USC polo que non é posible facer unha análise particular para o PAS da ETSE. Con respecto ao grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C=4,25) aumentou significativamente nos dous últimos cursos destacando a alta taxa de resposta (64,29%), que evidencia a fiabilidade dos resultados obtidos, e non destacando ningún item cunha baixa valoración (INF 21).

No curso 2023-24 están a desenvolverse dúas accións de mellora enmarcadas nesta directriz. A AM-ETSE-2023-24-4 dentro do Obxectivo 2. Dotar de persoal docente e persoal técnico de apoio á docencia e a AM_ETSE-2023-24-8 dentro do Obxectivo 6. Fortalecer a formación do estudantado. A Escola Técnica Superior de Enxeñaría é un centro moi singular desde a perspectiva TIC, e as súas necesidades, particularmente no eido das titulacións de Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial deben ser atendidas tendo en conta a peculiaridade dos nosos estudos polo que demandamos a presenza permanente dun técnico de apoio no centro que xa se solicitou previamente pero que aínda non foi concedido polo que se seguirá insistindo nesta necesidade. Por outra parte, é necesario que o profesorado estea actualizado nas

últimas tendencias, metodoloxías de ensino e ferramentas tecnolóxicas para preparar ao estudiantado de maneira efectiva polo que na acción proposta promoverase a súa formación.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

O GREI e DGIM presentan unha configuración de profesorado bastante estable ao longo dos últimos anos. Con respecto ao plan novo, onde no curso 2022/23 xa se imparten materias de 4º curso, houbo 60 docentes que participaron no título, onde algo máis da metade son profesores/as titulares de universidade ou catedráticos/as (29 e 7, respectivamente). O resto dos/as docentes son Contratados Doutores (5) ou outras figuras de profesorado. Destaca tamén a intensa participación de contratados/as predoutorais en labores de asistencia á docencia de sesións interactivas (9 en total). Tamén salientable a participación de contratados/as posdoutorais (Juan de la Cierva, Ramón y Cajal, etc... - 2 en total). A incorporación deste tipo de figuras na docencia dos títulos é fundamental e necesitamos reforzala. Aínda que a captación deste tipo de contratos é máis responsabilidade dos departamentos e centros de investigación da nosa universidade, colaboraremos con eles para fomentar este tipo de figuras.

A participación de departamentos e áreas de coñecemento é a que corresponde ao deseño orixinal do título, onde destaca o Departamento de Electrónica e Computación (que aporta 14 docentes das áreas de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, 22 da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial, 1 da área de Electrónica e 11 de Linguaxes e Sistemas Informáticos). O resto de departamentos implicados na docencia dos títulos proceden de distintas facultades (Dereito, Económicas e Matemáticas, por exemplo) e teñen en xeral un papel importante pero participan nun número menor de materias do título. Os indicadores de experiencia investigadora e docente revelan unha ampla traxectoria de investigación e docencia por parte do profesorado do título. A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é moi alta (91,25%). Tamén é moi alto a porcentaxe do PDI doutor sobre o PDI total (98.02% no último curso) e a porcentaxe de PDI funcionario (70,3%). Trátase de números satisfactorios que indican unha boa configuración do cadro docente do título. En termos comparativos, estes valores son superiores, tanto respecto á media da USC como respecto á media da área de Enxeñaría e Arquitectura. A participación deste profesorado experimentado nas distintas materias e cursos do título indica unha distribución homoxénea, onde a totalidade de materias e cursos conta con persoal experimentado.

Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia impartida reflicten unha valoración notable (4,36 sobre 5) e nonse identifican cuestións graves nas que sexa necesario incidir. En todo caso é necesario aumentar a taxa de resposta (foi dun 52,94%). Incidirase neste aspecto no próximo período no que as enquisas están abertas. As respostas indican en xeral mellor valoración que á media de graos da USC, e non existen grandes diferencias nas valoracións das diferentes preguntas.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

A porcentaxe de PDI doutor (IN25G) impartindo docencia no grao mantense por riba do 90%, acadando o 94,44% no curso 2022/23; mentres que a porcentaxe de PDI funcionario (IN26G) ten aumentado significativamente acadando o 77,78% no curso 2022/23. O profesorado (73 docentes) que imparten docencia no grao pertencen a 15 departamentos diferentes da USC, participación que é precisa para impartir as materias que componen o título e aportar as diferentes visións necesarias. O profesorado cunha maior carga docente (66 % dos créditos impartidos) corresponde ao departamento de Enxeñaría Química. O perfil do profesorado (Figura 4) tense modificado nos últimos anos como consecuencia da renovación xeracional (idade media de todas as categorías inferior aos 60 anos) e das promocións de PCD a TU (colectivo máis numeroso no actualidade, 51 % del total). En canto á igualdade de xénero, en todas as categorías docentes a porcentaxe de mulleres é igual ou superior ao 50 % (moi superior ao 23,8% de promedio das disciplinas de enxeñaría no mapa universitario español).




Figura 4. Perfil do profesorado que imparte docencia no Grao en Enxeñaría Química. CU: Catedráticos; TU: Titulares; PCD: Contratado Doctor; AYU: axudante doctor; ASO: asociado (non EQ); OTR: Outros (Titular Escuela, outros contratos, Post doc, Pre doc).

O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) segue manifestando unha tendencia de aumento ao pasar do 3,72 (curso 2017/18) ao 4,20 (curso 2022/23). Trátase dun profesorado activo e motivado, que asiste regularmente a cursos do programa de PFID da USC e algúns fan estancias noutras universidades españolas ou extranxeiras con fins docentes. A súa actividade investigadora é moi salientable, tal e como recolle a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24G) que no curso 2022/23 superou o 95%.

Neste ámbito non se propuxo ningunha acción de mellora no curso 2022-2023.

Grao en Intelixencia Artificial (GrIA)

Valórase positivamente a incorporación de novo PDI nas figuras de AxDr e a estabilización do PDI nas figuras que permite a acreditación de que dispoñen (CDr, TU, CU).

Non resulta posible analizar os resultados do programa DOCENTIA xa que a USC non o en implantado. Consideramos que esta é unha situación que a institución debe resolver en mais demora, máxime considerando que a ETSE participou nun piloto do dito programa xa no ano 2008.

Recoñecendo o esforzo realizado neste sentido, o recoñecemento das horas docentes equivalentes, debe ser ampliado para que sexa posible aplicar o 100% (cosa que non ocorre en todas as áreas), e incluír tamén nese recoñecemento actividades como convenios e contratos con institucións, de grande impacto e relevancia como servizo público e que, na actualidade, non se contemplan. Especial consideración deberían merecer os novos proxectos estratéxicos acadados especificamente no eido da IA por parte de docentes da ETSE, e que veñen derivados de acción específicas como os PERTE, e os programas específicos da SEDIA como as Cátedras ENIA ou os plans de investigación en IA.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MEaA)

No curso 2022-23 participaron 34 profesores/as na titulación, acadando entre todos eles/as unha grande experiencia tanto docente coma investigadora con un total de 131 quinquenios e 101 sexenios, respectivamente. O profesorado pertence a 12 departamentos/áreas de coñecemento, o que da unha idea da multidisciplinidade da titulación. En canto a categorías, as máis representadas son o corpo de Catedráticos/as de Universidade (35%) e o de Profesores/as titulares de Universidade (35%). Destaca a presenza de mulleres, que xa supoñen o 53% dos docentes.

Destacar que a metade do profesorado é membro do recentemente creado Centro Singular CRETUS), agrupación de excelencia a nivel internacional no eido das ciencias e tecnoloxías ambientais.

Como se comentou anteriormente, a satisfacción tanto do estudantado coma do profesorado con respecto o persoal de apoio é moi alta.

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprosos (MEQB)

Todo o Persoal Docente e Investigador (PDI) con docencia no máster é doutor (IN25M = 100%), practicamente a totalidade deles ten sexenios de investigación recoñecidos (IN24M = 94.74%) e unha elevada porcentaxe ten vinculación funcional (IN26M = 69,57%) ou, de maneira equivalente, pertence ás categorías superiores (catedrático, titular de universidade) da carreira docente universitaria. Evidénciase, pois, unha alta cualificación do PDI vinculado ó título. De todas maneiras, é un equipo docente comprometido coa formación continua, e así por exemplo o máster incluía entre as súas accións de mellora da axenda 2022-2023 unha destinada á formación deste profesorado en metodoloxías de roles de equipo. Foi unha acción executada con éxito, e as novas competencias metodolóxicas adquiridas xa están sendo

postas en práctica nun número crecente de materias do máster. O nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M = 4,30), ademais é elevado e permanece razoablemente estable nestes valores altos ó longo do tempo. A media de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN32M = 18,2) mantense en valores similares ós dos anos anteriores e permite continuar a desenvolver axeitadamente este tipo de docencia tan relevanda para a adecuada formación do alumnado do máster.

Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data (MTAD)

Todo o profesorado do Máster ten sexenios de investigación e o 72,73%% e PDI funcionario.

Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (MHPC)

Dos 8 docentes da USC que participaron na docencia no máster o curso 2022/2023, a totalidade e persoal estable coa seguinte tipoloxía: 4 son catedráticos/as de universidade, 3 profesores/as titulares de universidade e 1 é contratado doutor.

A participación de departamentos e áreas de coñecemento é a que corresponde ao deseño orixinal do título, onde o Departamento de Electrónica e Computación (que aporta 6 docentes da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores e 2 da área de Electrónica) imparte a totalidade dos créditos asignados á USC. Os indicadores de experiencia investigadora e docente revelan unha ampla traxectoria de investigación e docencia por parte do profesorado do título. El 100% del Persoal Docente e Investigador ten sexenios e son todos doutores. Todo o PDI ten quinquenios a excepción do contratado doutor, que ten solicitado o primeiro tramo. Se trata de números satisfactorios que indican unha boa configuración do cadro docente do título. En termos comparativos, estes valores son superiores, tanto respecto á media da USC como respecto á media da área de Enxeñaría e Arquitectura. A participación deste profesorado experimentado nas distintas materias do título indica unha distribución homoxénea, onde a totalidade de materias conta con persoal experimentado.

A pesar da traxectoria investigadora do persoal docente, o auxe no uso dá computación de altas prestacións presta a coñecer casos de éxito e investigacións complementarios ás proporcionadas polo profesorado do máster. A acción de mellora (AM-MHPC-3 Curso 2022/2023) para achegar ao estudantado unha visión externa do uso da Computación de Altas Prestacións mediante ciclos de charlas con profesionais privados e/o investigadores de prestixio no ámbito dá Computación de Altas Prestacións foi posposta por no dispoñer dos fondos outorgados por la Xunta a los máster con Mención de Excelencia. Se ha retomado esta acción de mellora co código AM-MHPC-2023-24-2.

Non existen datos sobre o grado de satisfacción do profesorado coa docencia impartida nin coa titulación. Considérase que é necesario aumentar a participación e incidirase neste aspecto no próximo período no que as enquisas están abertas.

Máster Universitario en Visión por Computador (MCV)

A calidade dos recursos humanos na impartición desde máster ven refrendada por aspectos positivos como que o 100% do PDI son profesores funcionarios doutores con sexenios de investigación, superando a media da USC.

Máster Universitario en Intelixencia Artificial (MIA)

O 87,5% do profesorado de primeiro curso de Máster ten sexenios de investigación. Hay que ter en conta que e o 16% do profesorado corresponde a categorías de Axudante Doutor e interino de substitución. O 100% de profesorado é doutor, e o 65% é funcionario (un porcentaxe moi alto en comparación có da USC, que é un 45,61%).

Co fin de aproveitar os coñecementos que ten o estudantado de doutoramento da nosa área no desenvolvemento das prácticas das materias do Máster, procurouse a súa participación na docencia práctica. En particular, houbo a colaboración dun alumno de doutoramento (bolseiro predoutoral) na docencia da materia Aprendizaxe Automática I baixo a supervisión do coordinador da materia. Tamén participaron na docencia un investigador Ramón y Cajal na materia de Modelado de linguaxe e un Investigador distinguido na materia Robótica II. Ambas materias requiren persoal altamente especializado con unha investigación moi actual.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

O mantemento e mellora do equipamento dos diferentes espazos docentes da ETSE é unha tarefa permanente que se desenvolve de acordo co proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do SGC do centro e que se planifica anualmente en función da dispoñibilidade económica a través das accións de mellora propostas. Por outra banda sinalar que en xeral cúmprese cos requisitos de recursos materiais e servizos establecidos nas memorias de verificación dos títulos. As infraestruturas e os recursos materiais postos a disposición do estudiantado e o seu proceso formativo son, en xeral, adecuados para atender ás necesidades das titulacións adscritas á ETSE, aínda que é preciso renovar periodicamente certo equipamento e dotar ás novas titulacións dos materiais necesarios para impartir a docencia práctica. Todas as aulas de docencia expositiva do centro, unha parte significativa das aulas de docencia interactiva e o Salón de actos dispoñen de equipamento multimedia que garanten particularmente a docencia dos mesteres interuniversitarios que se imparten no centro. Tamén dispónse dun programa de préstamos de portátiles para o estudiantado do centro. Así mesmo o uso de [Campus Virtual](#) e xeral en todos os títulos.

Na web do centro figura [información sobre os equipamentos docentes e diferentes servizos dispoñibles](#) (administración, mobilidade, orientación académica, asuntos económicos e conserxería), [o programa de prácticas externas](#) incluíndo os convenios en vigor para todos os títulos e os convenios dispoñibles, e [os programas de mobilidade](#). A distribución do estudiantado por centro de prácticas pode consultarse para cada título e convocatoria na intranet. A Biblioteca da ETSE revisa antes do inicio de cada curso a dispoñibilidade da bibliografía básica recomendada nas guías docentes das materias de todos os títulos do centro. Así mesmo, a [Guía ETSE estudantes](#) e o [Calendario ETSE](#) proporcionan información de acollida necesaria para o estudiantado.

A media de estudantes matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) (IN55C), entre 53,6 e 86,76 nos graos e entre 5,88 e 26,88 nos másters, a media de estudantes matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) (IN56C), entre 17,57 e 25,43 nos graos e entre 2,00 e 14,08 nos másteres, e a media de estudantes por grupo de docencia interactiva (IN 32C), entre 21,04 e 26,80 nos graos e entre 4,75 e 18,20 nos másteres, considérase que permiten

un bo desenvolvemento da docencia dos títulos.

No curso 2022-23 desenvolveuse un obxectivo de calidade relativo a esta directriz o “OC-2 Mellorar os espazos e o equipamento para a docencia” que recolle unha acción de mellora do centro (AM-ETSE-4) e dous de títulos (AM-MEQB-6 e AM-MTAD-2) cuxa execución se describe no plan de melloras desta memoria. Particularmente a AM-ETSE-4 encaminada a preparar novos espazos docentes e equipamentos para os novos títulos da ETSE executouse con eficacia. No curso 2023-24 propónse un novo obxectivo (Obxectivo 1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente) que inclúe tres accións de mellora do centro (AM-ETSE-2023-24-1, AM-ETSE-2023-24-2, AM-ETSE-2023-24-3) co obxectivo de crear novos espazos para a convivencia do estudantado, manter as instalacións do centro e dotar equipamento para os laboratorios docentes.

A avaliación das instalacións onde se realizan prácticas externas é moi positiva en todos os títulos (4,33-5,00, INF.5). En canto ao grao de satisfacción do estudantado cos recursos educativos (2,53-4,83; Media: 3,75±0,78) e as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (2,53-4,67; Media: 3,69±0,87) (INF.22) a resposta é moi variable dependendo do título o que unido as baixas taxas de resposta (4,19-28,57%) non permite extraer conclusións claras. Pola contra a taxa de resposta do profesorado foi moi superior (27,78-62,50%) e avaliación bastante satisfactoria no que respecta aos recursos educativos dispoñibles (3-5; Media: 4,06±0,54) e ao estado e adecuación das aulas e o seu equipamento para o labor docente (2,80-5; Media: 3,92±0,54) (INF.23).

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Para este curso comezouse a facer uso das aulas do edificio Emprendia como complemento ás instalacións que xa estaban dispoñibles tanto no Monte da Condesa como na propia Escola. Por tanto, os espazos docentes dispoñibles actualmente (aulas de teoría, aulas de informática e laboratorios) son suficientes para o correcto desenvolvemento do título.

Nas aulas de informática situadas no Monte da Condesa mantívose a decisión do curso pasado de seguir cun modelo híbrido en canto ao equipamento destas. Este modelo baséase en que só é necesario dispoñer dun número de aulas reducido cun computador por posto, xa que no GrEI a gran maioría dos estudantes dispoñen dun portátil persoal co que asisten as sesións interactivas. Neste caso haberá dúas aulas completas. Nas outras só haberá 4/5 PCs para aqueles/as estudantes que non dispoñan dun portátil ou que, por outra razón, non o teñan dispoñible nese momento. Ademais, tanto no edificio Emprendia como na propia Escola, dispónse de portátiles de préstamo para aqueles alumnos que puntualmente o necesiten.

Por outra banda, como xa se puxo en coñecemento da universidade mediante un informe dirixido á vicerreitoría con competencia na materia a comezos do ano 2020, a ETSE é un centro moi singular dende a perspectiva TIC e as súas necesidades, particularmente no eido das titulacións de Enxeñaría Informática e mestrados do ámbito, deben ser atendidas tendo en conta a peculiaridade dos nosos estudos. En particular, demandamos unha nova figura de técnico de laboratorio de informática, cunha presenza permanente no centro. Isto é esencial para un correcto e eficaz desenvolvemento da docencia interactiva en moitas das materias que se imparten no centro.

Debemos ter en conta que a rixidez dos procesos de configuración das aulas de ordenadores pode funcionar ben para a meirande parte dos centros da nosa universidade pero non é axeitada para un bo número de materias que se imparten na ETSE. Ao longo dos anos, moitos dos nosos profesores teñen atopado serias limitacións para a organización de traballos prácticos de materias tales como seguridade informática ou sistemas operativos (ata o punto de ter que acudir a servizos externos ou directamente limitar o tipo de traballos que fan os estudantes). Debemos atopar mecanismos para que os nosos alumnos dispoñan de máis privilexios á hora de acceder aos equipos. Por exemplo, para instalar contedores ou facer tests da rede. O uso de máquinas virtuais permite, dentro dun límite, solucionar estes problemas, pero moitas veces non son a solución (e, ademais, implican usualmente necesidades hardware que moitas veces non proporcionan os equipos dispoñibles). Solicitamos, por tanto, á vicerreitoría chegar a un compromiso entre seguridade e flexibilidade e un técnico permanente no noso centro facilitaría enormemente a transición a un novo modelo de xestión das aulas.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudantado e o profesorado son suficientes e adecuados as características do plano de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar. É de especial importancia a labor de revisión e mantemento dos laboratorios de prácticas experimentais para que todas as montaxes de prácticas empregadas estean en boas condicións para impartir a docencia o que require dunha inversión de cartos continua no tempo. Respecto do estudantado que fan as prácticas externas, as instalacións onde os reciben son adecuadas para a adquisición das competencias e co fin de facer máis visible a relevancia da experiencia das prácticas

externas no grao tanto dende o punto de vista do estudiantado como das entidades destino, creouse un espacio específico de acceso público na páxina web da ETSE (<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-tecnica-superior-enxenaria/practicas-externas-grao-enx-quimica>) para presentar algunhas experiencias reais buscando inspirar ao estudiantado que aínda non realizou as prácticas como recoñecer o papel das empresas coas que o título ten convenios.

A valoración dos egresados cos servizos (IN33G) amosaba un aumento progresivo no tempo en que se dispoñía de datos deste indicador, encontrándose no curso 2018-2019 (último curso con dato) nun valor de 4,13 que polo tanto indica unha opinión positiva deste grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

Neste ámbito non se propuxo ningunha acción de mellora no curso 2022-2023.

Grao en Intelixencia Artificial (GriA)

Recoñecendo o esforzo feito pola USC para equipar e dotar as instalacións do Edificio EmprendIA, é preciso tamén recoñecer que hai reparacións e melloras importantes que demoran en exceso. Algúns exemplos teñen que ver coa colocación incorrecta de equipamento audiovisual nas aulas (pantallas) ou coa baixa calidade dalgúns pizarras.

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MENA)

O grao de satisfacción do estudiantado cos recursos materiais e servizos é en xeral alto. Así, o estudiantado valora positivamente os trámites de matrícula (4,75), a atención dispensada polo persoal de administración e servizos (4,75), a utilidade do Campus Virtual (4,75), etc..

Destácase a incorporación de novos equipamentos docentes derivados da posta en marcha de Accións de Mellora anteriores coma a compra de licencias de 2 novos paquetes de simulación (Biowin, Labster), accións de mellora relativas ó curso 2021-22. En todo caso, detectouse a necesidade de mellorar o relativo ó traballo en grupo, para o cal se está a implementar unha nova acción de mellora baseada na implantación da metoloxía Belbin.

En relación coa satisfacción dos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental dende a Coordinación da titulación se fixo unha enquisa propia de inserción laboral (Acción de Mellora EA01 do curso 2022-23) que cubreu as promocións 2015-2017, 2016-18, 2017-19, 2018-2020, 2019-21, na que participaron o 73% dos contactados. O 73% valorou como positiva ou moi positiva a calidade do proceso de ensino/aprendizaxe. Estes datos forman parte dunha das Accións de Mellora realizadas no pasado curso 2022-23, precisamente para ter máis información sobre o colectivo de egresados do Máster. Esta enquisa pode complementarse cos datos ofrecidos pola área de calidade da USC que, aínda que positivos, ten información moi limitada.

En xeral boa satisfacción, por enriba da media da USC no que respecta a información ofrecida do título pola Oficina de Información Universitaria, a Unidade de Xestión Académica e a páxina web da USC. Tamén a información recibida dende o propio centro (web propia, presentacións).

Coma todos os anos, a principal necesidade é a de dotar axeitadamente os laboratorios experimentais, polo custe que supón o seu mantemento. Isto faise en parte con fondos da ETSE, do Depto. de Enxeñaría Química e tamén con fondos propios do Máster grazas o Patrocinio que ten coa empresa VIAQUA e a Mención de Excelencia da Xunta de Galicia.

Continuando co traballo realizado en outros anos, as Prácticas Externas son a actividade da titulación que recibe ano tras ano a maior cualificación en canto o grao de satisfacción. Isto é así especialmente polo traballo de selección e orientación de empresas que se fai dende o profesorado para o estudiantado, de feito que se escollan empresas fortemente implicadas coa titulación como de feito se pudo comprobar na Xornada de Empregabilidade realizada no pasado mes de outubro de 2022.

Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQB)

Para o seu adecuado desenvolvemento, o máster ten á súa disposición as instalacións da ETSE, entre as que se atopan aulas de propósito xeral, aulas específicas con alta flexibilidade do mobiliario, óptimas para o desenvolvemento de actividades en grupo ou con forte interactividade, aulas de informática con equipos informáticos equipados co software necesario e as correspondentes licenzas, e ata cinco laboratorios para docencia experimental, con adecuada equipación a nivel de infraestrutura e con diversas montaxes prácticas a disposición do alumnado do máster neste tipo de docencia. Cómpre destacar ademais a existencia dun servizo de préstamo de ordenadores portátiles a nivel de centro, e múltiples espazos abertos de traballo distribuídos por toda a ETSE e con cobertura wi-fi, para facilitar o traballo en equipo nas horas de desempeño autónomo do estudiantado. Outro servizo de referencia é a Biblioteca do centro, con 176 prazas, varios postos informatizados para a consulta do catálogo bibliográfico e algunhas salas internas de traballo. A suficiencia e adecuación de todos estes recursos e servizos vese refrendada dalgún xeito polas excelentes valoracións de varios dos

ítems contidos no informe da enquisa sobre a satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23): “Atención prestada polo persoal de administración e servizos”, 4,73; “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados”, 4,45; e “As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente”, 4,55. E analogamente no informe da enquisa sobre a satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22) cos seguintes ítems: “Atención prestada polo persoal de administración e servizos”, 4,50; “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados”, 4,83; e “As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados”, 4,67.

Ó inicio de cada curso académico realízase unha sesión de benvinda ó alumnado de novo ingreso, onde se lles presentan de primeira man detalles do que van atopar ó longo dos seus estudos no máster: plan de estudos coa súa estrutura modular e peculiaridades de diversas materias, coordinacións horizontais e verticais, optatividade, opcións de mobilidade, recursos á disposición na ETSE, política en materia de seguridade e saúde (a ETSE é un centro investigador e docente certificado por AENOR baixo os estándares da norma ISO 45001), etc.

Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data (MTAD)

Levou a cabo unha acción de mellora (AM-MTAD-2) que consistiu na adquisición dunha GPU para a súa utilización nas prácticas das materias de Aprendizaxe Estatística e Minería de Datos. Esta acción é complementaria ás desenvolvidas nos últimos anos no eido da aprendizaxe profunda (Deep Learning). Actualmente estes contidos estanse a impartir na materia de Minería de Datos, aínda que na materia de Aprendizaxe Estatística tamén se estudan redes neuronais.

Máster Universitario en Computación de Altas Prestacións (MHPC)

O espazo docente (aula onde se imparte a docencia, tanto de teoría como de prácticas) é adecuada para ou correcto desenvolvemento do título. Os recursos materiais para unha docencia telemática actualizáronse progresivamente mellorando o equipamento informático. No obstante, todos os docentes levan ou seu equipo portátil e permite un desenvolvemento adecuado das clases tanto na modalidade presencial como na modalidade a distancia. Debido a esta dobre modalidade e a que o máster ten dúas sedes e distintas ferramentas para a xestión de espazos virtuais, o máster usa unha plataforma de teleformación xestionada polo Centro de Supercomputación de Galicia (Aula Cesga) para compartir o material didáctico e tamén usa Microsoft Teams para as videoconferencias que se poden seguir de forma sincrónica. As clases quedan gravadas e dispoñibles para que o estudantado as poida reproducir de forma asíncrona. Indicar que non son necesarios equipos para ou estudantado na modalidade presencial, xa que sempre acode co seu propio equipo portable, e para a meirande parte das prácticas utilizan vos sistemas do CESGA. Todo o estudantado ten acceso aos recursos dixitais a través da biblioteca da ETSE.

Máster Universitario en Visión por Computador (MCV)

Os recursos materiais do máster de visión por computador son en xeral adecuados, xa que a maior parte de asignaturas usan un computador, e cando se necesita unha tarxeta GPU para executar ou entrenar modelos de Intelixencia Artificial recórrase en ocasións ao CESGA. Nas asignaturas que empregan dispositivos físicos como cámaras ou tarxetas gráficas empotradas, como pode ser a materia obrigatoria de “Instrumentación e Procesamento para Visión Artificial” (IPMV), ou materia optativa de “Fotogrametría e Visión Robótica”, o material comprado polo centro- Raspberry Pi no caso de IPMV-, complementábase con materiais de investigación. En xeral, os recursos materiais do máster son suficientes.

Máster Universitario en Intelixencia Artificial (MIA)

O espazo docente (aula onde se imparte a docencia, tanto de teoría como de prácticas) é adecuada para ou correcto desenvolvemento do título. Inclúe os recursos materiais para a docencia telemática có equipamento informático requerido. Debido a que o máster ten tres sedes, é necesario usar distintas ferramentas para a xestión de espazos virtuais. O máster usa Microsoft Teams para as videoconferencias e para compartir o material didáctico. As clases quedan gravadas e dispoñibles para que o estudantado poida reproducilas de forma asíncrona durante unhas semanas. O alumnado da USC dispón tamén dun curso virtual. Indicar que non son necesarios equipos para ou estudantado na modalidade presencial, xa que sempre acode co seu propio equipo portable. Todo o estudantado ten acceso aos recursos dixitais a través da biblioteca da ETSE.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE)

A xestión da información pública da ETSE desenvólvese conforme ao proceso de soporte *PS-06 Información pública*, do seu SGC, o que garante que toda a información relevante da Escola se fai pública, se revisa e se actualiza co fin de manter informados a todos os grupos de interese. A información pública está contida na [web do centro](#) e/ou na web institucional da USC.

Por outra banda, todas as noticias relevantes do centro, convocatorias, listaxes etc. publícanse no taboleiro da USC e infórmase a través da sección “Actualidade” da intranet do centro. Para complementar a información dispoñible nas diferentes webs, desde o centro edítanse anualmente dúas guías que están dispoñibles na web de centro: “[Calendario ETSE](#)” con todas as datas importantes do curso e a “[Guía ETSE Estudantes](#)”. Dispónse ademais dunha lista de correo para informar ou facer comunicacións xerais a todo o estudantado do centro.

Tamén é significativa a difusión de información relevante do centro que é de especial interese para o estudantado, profesorado e persoal técnico de xestión, administración e servizos a través das pantallas informativas do centro e do X (@etse_usc) con máis de 1300 seguidores/as no momento actual. Ademais, unha comunicación efectiva nestas plataformas pode mellorar a percepción pública e atraer a estudantes e colaboradores polo que este curso propónse unha acción de mellora encaminada a aumentar a difusión das actividades desenvoltas na ETSE nas redes sociais (AM-ETSE-2023-24-9; Obxectivo 7. Fortalecer a presenza da ETSE na sociedade).

Desde o curso 2028-19 non se avalía o indicador que avalíe a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible.

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) /Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DGIM)

Unha das accións de mellora para o curso 2022/23 pode enmarcarse nesta directriz. En concreto, trátase da acción AM-GREI-3. Nesta acción de mellora trátase de mellorar o posicionamento a nivel estatal e internacional do GrEI. Para levar a cabo devandita tarefa cóntase coa axuda dun grupo multi-área, formado por 5 docentes. Sen embargo, non se puido completar esta tarefa de xeito completo. Máis concretamente, esta tarefa trataba de analizar as diferentes certificacións internacionais existentes (por exemplo, EURO-INF, etc..) co obxectivo de realizar unha análise da viabilidade para obter algunha delas no medio prazo. Esta acción continuará no curso 2023/24.

Por outra lado, despois da finalización da migración da web ao novo modelo institucional de webs de centros e as posteriores actualizacións, a nova web permite a todos os títulos dispor dunha tecnoloxía moderna, mantible e que permite organizar dun modo máis racional a información (incluíndo unha separación entre parte pública e parte privada ou intranet). Por outro lado, estase a prestar unha especial atención á difusión de eventos, cursos, ofertas de traballo, etc... que poden ser de interese para os/as estudantes e docentes do GrEI a través das redes sociais.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

A valoración dos egresados sobre a información pública dispoñible (IN23G) amosaba un aumento progresivo ata o curso 2018-2019 (último ano con valor neste indicador) nun valor de 3,55 que polo tanto indica unha opinión positiva deste grupo de interese sobre a información pública dispoñible do GrEQ..

Neste ámbito non se propuxo ningunha acción de mellora no curso 2022-2023. No curso 2023/24 estableceuse unha única acción de mellora no ámbito desta directriz:

- AM-GrEQ-2023-24-2: Explorar novas canles de difusión e visibilización do Grao en Enxeñaría Química entre o potencial alumnado e a sociedade en xeral

A difusión do Grao en Enxeñaría Química vense realizando polos medios comúns ás diferentes titulacións da ETSE e da USC, sendo a web da USC (coas súas carencias) o canle principal de busca de información por parte do potencial estudiantado mentres que outros canais máis directos (programa a A Ponte ou os encontros virtuais) parecen ter pouco impacto, polo que é preciso ampliar os canles empregados para tal fin.

Grao en Intelixencia Artificial (GrIA)

De acordo cos resultados da enquisa realizada ao estudiantado de novo ingreso, a web é a fonte de información prioritaria e maioritaria para a busca de información sobre os estudos universitarios. Dado este feito, consideramos que a web institucional da USC e a propia da ETSE deberían ter unha clara orientación a este grupo obxectivo, especialmente na época do ano na que o estudiantado de bacharelato toma a decisión de que estudos vai cursar. O resto do ano debe ser unha fonte de impacto cara ao exterior que mostre o dinamismo e a actividade da ETSE. En xeral, a eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública é mellorable respecto destes obxectivos e por este motivo se promoven accións no novo plan estratéxico da ETSE. Un aspecto mellorable en particular é o feito de que no período de tempo no que o estudiantado de Bacharelato está a decidir sobre os seus estudos futuros, a web non proporciona de forma directa información sobre as programacións das materias (xa que por defecto apunta ás programacións do curso seguinte, que están baleiras por non estar aprobadas).

No caso específico do GrIA trátase de paliar estas deficiencias con información específica relacionada coa intensificación que impartimos na USC, coa elaboración dunha sección de “preguntas frecuentes” que se actualiza coas consultas recibidas. Adicionalmente o GrIA conta cunha conta de correo na que recibimos consultas de estudantes interesados e que xestiona o coordinador.

Respecto do impacto nas RRSS da ETSE estase a incrementar o número de publicacións. Tendo aínda marxe de mellora neste sentido, entre outras as publicacións máis recentes recollen, por exemplo, actividades realizadas dentro do “Ciclo de charlas e visitas técnicas do GrIA”.

En base a todo o anterior, a comisión do GrIA decidiu definir as accións de mellora para o curso 2023/24 que indicamos de seguido:

- AM- GrIA -2023-24-6: Dado que unha das vías principais de difusión do GrIA e de obtención de información por parte do estudiantado é a web institucional da USC, e dadas as súas notables carencias e falta de orientación ao público obxectivo, vaise promover a mellora da información dispoñible e explorar novas canles e modalidades de difusión alternativas para a visibilización do GrIA entre o seu público obxectivo (estudiantado, familias, empregadores e sociedade en xeral).

Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (MEaA)

A nivel de resultados ofrecidos dende a Área de Calidade da USC no pasado curso 2022-23 non hai datos en relación o grao de satisfacción por parte do profesorado e estudiantado pola información recibida. Non se sabe a que é debido esta carencia.

